

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de abril de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de abril de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(572).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 3, 10, 13, 17, 24 e 31 de marzo de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(573).-CONTRATO MAIOR DUN PROGRAMA DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA Á ALCALDÍA DE PROYECCIÓN DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4578/101.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

3(574).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 47/2006 p.o. Demandante: ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. Obxecto: desestimación presunta de reposición

contra adxudicación XGL do 16/01/2006 e 08/01/2007 de contrato de retirada.... de vehículos mal estacionados na vía pública. Expte. 70443/210. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 325/2007 p.a. Demandante: D. Jesús Mourente Basso. Obxecto: Sanción tráfico. Expte. 0686671522. Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 334/2007 p.a. Demandante: Dª Ana Domínguez Pérez. Obxecto: Sanción tráfico. Expte. 068538537. Estimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 335/2007 p.a. Demandante: Dª Maria C. Gómez Fernández. Obxecto: Sanción tráfico. Expte. 078607684. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 52/2007 p.a. Demandante: D. Ubaldo Rivas Romero. Obxecto: acto de “cesamento” derivado do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 30/10/2006. Inadmisibile o recurso.

f) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 444/2007 p.a. Demandante: Dª Ana M. Cifuentes Argüelles. Obxecto: RPA, caída da póla dunha árbore sobre un vehículo o 04/03/2006, reclamación do 26/10/2006. Expte. 1274/243. Desestimento da actora.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 515/2007 p.a. Demandante: D. Hector Martínez América. Obxecto: Sanción tráfico. Desestimado o recurso.

h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 150/2007 p.a. Demandante: D. José L. Rodríguez González. Obxecto: Sanción tráfico. Expte. 068682560. Rematado o procedemento.

i) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 215/2007 p.a. Demandante: D. Vicente Fernández Sánchez. Obxecto: Sanción tráfico. Expte. 068646511. Desestimento do demandante.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 312/2007 p.a. Demandante: D. Hector Martínez América. Obxecto: Sanción tráfico. Desestimado o recurso.

l) Sentenza da A.P. De Pontevedra Sección 5ª no procedemento abreviado nº 25/08. Demandante: D. Jorge García Menéndez. Obxecto: Sentenza condenatoria do Xulgado do Penal nº 3 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 22/06 por delito de lesións graves e conducción baixo os efectos de bebidas alcohólicas. Desestimado o recurso de apelación.

m) Sentenza X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 62/2007 p.a. Demandante: D.Emilo Garcia Barciela e outro. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (expresa serodia do 19/02/07), expte. 616/243. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(575).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 03/1519, 1821/14, 13/1232, 4/1843, 4/1226, 3/1650, 23/1845, 21/1919, 22/2164, 14/0002.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D^a. Angeles Pérez Rodríguez. Expte. 1519/03.
- D^a. Anunciación Domínguez Foufe. Expte. 1821/14.
- D. Francisco J. Galbón Fernández. Expte. 13/1232.
- D. Vicente Falque Gestoso. Expte. 4/1843.
- D^a. Estrella Lago García. Expte. 4/1226.
- D. José Ramón villar Panceira. Expte. 1650/03.
- D. Emilio Rodríguez Sousa. Expte. 23/1845.
- D^a. Soledad Vázquez Vázquez. Expte. 21/1919.
- D. José Garabatos Rodríguez. Expte. 22/2164.
- D^a. Lina González Quiroga. Expte. 2/14.

5(576).- BASES AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS. CURSO 2008-2009. EXPTE. 29957/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora do Servizo de Infancia e Familia, do 25.03.08, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2008/09.

2º.- Autorizar o gasto de 30.000,00 con cargo a partida 3130.481.00.00 € para axudas municipais escolares de libros e material escolar para o curso 2008/09. Esta cantidade deberá librarse a funcionaria María Sierra Abraín, con NIF.: 36.064.483T, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

3º.- Autorizar o gasto de 370.000 euros con cargo a partida 3130.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor para o curso 2008/09. Desta cantidade 124.000,00 euros imputaranse ao exercicio 2008, o resto, 246.00,00 euros con cargo ao exercicio do ano 2009, as cuantías quedarán supeditadas a dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio . Ambas as dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar na conta habilitada do departamento 2080.0000.74.0040242619.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2008/2009.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, no artigo 21 atribúelles aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Do mesmo xeito, o artigo 50 determina que as administracións poderán conceder, nas condicións que legal e regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, marxinación social, necesidade material, etc.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo hai vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

PRIMEIRA.- *Obxecto e finalidade.*

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2008-2009.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas.

Os programas subvencionables serán:

- *Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa).*
- *Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria.*

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escaseza de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 400.000 €, na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución:

- 30.000 euros para axudas á adquisición de libros e material escolar no nivel de Educación Infantil (2ª etapa).
- 370.000 euros para axudas de comedor.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet www.vigo.org, anunciaranse, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 14 ao 25 de abril de 2008, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, superase os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor), a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán matriculados, no curso 2008/2009, en centros públicos ou con concerto pleno nos niveis de:

- | | |
|------------------------------------|--------------|
| • Educación Infantil (2ª etapa) | 3 a 5 anos |
| • Educación Primaria | 6 a 12 anos |
| • Educación Secundaria Obrigatoria | 12 a 16 anos |

As subvencións que se otorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concurrencia competitiva.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da puntuación obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ao Concello no caso de ter percibida outra axuda, agás as que concede o Concello de Vigo a través das FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor.

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- *A unidade familiar deberá estar empadroada (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social) e residir de modo efectivo no Concello de Vigo.*
- *Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- *Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.*
- *Con respecto á axuda de comedor debese contar con praza no mesmo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*
- *Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.*
- *Ter presentado a solicitude e documentación durante o prazo estipulado.*
- *Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de325,00 €*
- *Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas entendese por unidade familiar:

- A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

Solicitude:

Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.

Documentación

- 1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- 2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*

3. *Fotocopia da declaración do IRPF –exercicio 2006- no caso de facela, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar, ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria.*
4. *Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
 - *Traballadores en activo:*

Traballadores por conta allea: fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.

Traballadores autónomos:

 1. *Fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.*
 2. *Fotocopia da declaración de patrimonio, ano 2006 (Xunta –Consellería de Economía e Facenda).*
 3. *Fotocopia pagamento a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2008 para empresarios e profesionais (modelo 130 ou 131).*
 - *Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais (viuvez, orfandade, non contributiva, etc..) no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente o ano 2008.*
 - *Para demandantes de emprego con prestacións:*
 - *Certificado das prestacións do INEM de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
 - *Para demandantes de emprego sin prestacións:*
 - *Fotocopia tarxeta demanda de emprego (certificado de inscrición como demandante de emprego) (Xunta)*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
 - *Para perceptores da RISGA:*
 - *Aportarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.*

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

1. *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten, libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2008/09 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.*
2. *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interés no servizo de comedor para o curso 2008/09.*

3. *No caso de separación ou divorcio, deberase acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*
4. *Fotocopia da certificación do grao de minusvalidez no caso de que algún membro da familia esté afectado por ela, ou resolución de invalidez.*
5. *Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento da resolución.*
6. *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, sustituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artic. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de concesión por orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

Aspectos sociais

- *Por cada menor de 16 anos..... 1 punto*
- *Familia monoparental..... 1,50 puntos*
- *Por cada alumno solicitante en acollemento familiar..... 2 puntos*
- *Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego..... 2 puntos*
- *Perceptor/a de RISGA o Pensión Non Contributiva..... 5 puntos*

(incompatible con situación de desemprego)

Discapacidade:

Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente calificada 1 punto

- *Cando o menor se atope en situación de risco ou desprotección, un máximo de 3,50 puntos.*

Ás situacións de risco ou desprotección valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán as seguintes valoracións:

Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco0,50 puntos.

- *Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coidadores (alcohol, drogas, discapacidades)0,50 puntos.*
- *Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento normalizado do menor 0,50 puntos.*
- *Problemas específicos do menor 0,50 puntos (rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)*
- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais .. 0,50 puntos.*
- *Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoroamento 0,50 puntos.*

TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

- *0 a 32.95 8.5*
- *32.96 a 74.50 7.5*
- *74.51 a 116.05 6.5*
- *116.06 a 157.60 5.5*
- *157.61 a 199.15 4.5*
- *199.16 a 240.70 3.5*
- *240.71 a 282.25 2.5*
- *282.26 a 325.00 1.5*

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración integrada polo/a Concelleiro/a Delegado/a que actuará de presidente; o xefe de área de Acción Social; a técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria. Este órgano colegiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non aportan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - O/A alumno/a repite curso.
 - Supera os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/A alumno/a non está matriculado/a.
 - Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á partida 3130.4810000 "Becas libros, material escolar e comedor" do orzamento de Benestar Social Concello do ano 2008, por uns importes máximos de 30.000 € para axuda de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 370.000 € para comedor do curso 2008/2009.

DECIMO TERCEIRA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

Para libros e material escolar

Educación infantil (3, 4 e 5 anos) 75,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaránse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o 15 de novembro de 2008.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráse ao/a profesional da UBAS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Para comedor

O prezo da praza de comedor será aprobado polo Consello Escolar de cada centro ou pola FOANPAS, extremo que deberá ser comunicado ao Departamento de Benestar Social do Concello.

*A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .
Nos meses de setembro, decembro e xuño, meses con menos de dezaseis días lectivos, aboarase o 70% do coste total do comedor.*

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase a mes vencido (de setembro a xuño) á conta bancaria do centro no que está matriculado o alumno/a coa axuda concedida.

Con anterioridade o Departamento de Benestar Social enviará na derradeira semana de cada mes o listado mensual ao centro, no que constará o nome do pai, nai, ou titor dos/as alumnos/as con axuda de comedor e o importe para aboar.

Na primeira semana de cada mes o pai, nai ou titor asinará no colexio o listado amentado no apartado anterior, o que constata que este servizo foi utilizado polo alumno/a.

O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladarase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoas solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conformne ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sin contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte da publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no tablón de anuncios do Concello e das Unidades Básicas de Acción Social.

DÉCIMO QUINTA.- Modalidade excepcional

Co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria.

Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera única proviniendo da convocatoria ordinaria.

DÉCIMO SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de comedor deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- Comunicarlles ás Unidade Básicas de Acción Social que lle corresponda por enderezo ou ó centro educativo as baixas.*
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados mensuais da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a. De non ser así o Concello non fará efectivo o pago ao centro educativo; e poderá chegar mesmo a dar de baixa a axuda por incumprimento das normas estipuladas.*
- O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SÉTIMA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revocarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para o que foi concedida.*
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse o/a alumno/a coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2008-2009.*

A suspensión comenará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

DÉCIMO OITAVA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(578).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS, 2008. EXPTE. 30876/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de coordinación de Servizos Sociais, do 15.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención solicitada á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 18 de marzo de 2008, para a prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2008, o importe do cal ascende a un total de 6.325.369,33 euros, dos cales a achega municipal será de 2.108.456,42 euros, e a subvención que se solicita de 4.216.912,91 euros

Asimesmo estarán destinados a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano 105.000 euros, dos cales 35.000 euros corresponden á achega municipal e 70.000 euros á subvención solicitada.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal do contido desta petición, de acordo co artigo 10º da Orde citada.

7(579).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ÚNICAS E COMPLEMENTARIAS PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE DA VIVENDA, ANO 2008. EXPTE. 30761/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 7.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar as Bases reguladoras en réxime de concurrencia competitiva da convocatoria para a concesión de axudas únicas e complementarias para a mellora das condicións de habitabilidade da vivenda, ano 2008, publicadas no BOP nº 53, do 14 de marzo de 2008, sendo a cantidade a aportar polo Concello de Vigo de 7.648,75€.

2º.- Autorizar o gasto de 15.297,50 € con cargo á partida 3130.780.00.00.

3º.- Unha vez adxudicadas as axudas e realizado o gasto correspondente solicitaranse á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra o 50% do dito gasto.

4º.- Aprobar o prazo para a presentación das solicitudes no Concello de Vigo desde o 22 de abril ata o 3 de maio de 2008.

8(580).- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN DE CICLISMO GALEGO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZAR O “CIRCUITO DE CICLISMO ESCOLAR” O 22.04.08 NA PRAZA DO REI. EXPTE. 7769/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Fundación de Ciclismo Galego, en colaboración coa Dirección Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Ciclismo, a organizar o vindeiro martes 22 de abril de 2008, o “CIRCUITO DE

CICLISMO ESCOLAR, dito circuíto se levará a cabo na Praza do Rei entre as 16.00 horas e as 19.30 horas.

9(581).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE CIDADE DE VIGO BASQUET PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ÉLITE DO EQUIPO “GESTIBÉRICA VIGO”. EXPTE. 7715/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.08, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.03.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que reixerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Ciudad de Vigo Basquet , para o proxecto de actividades do equipo de elite Gestibérica Vigo da categoría LEB Bronce pola actividade na tempada 2007/2008.

2º.- Aprobar o gasto de 18,000,00 €. a favor da entidade: Ciudad de Vigo Basquet , co CIF: G-36962694 , con enderezo social na rúa Príncipe 28, 2º en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0100050040024832. Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.12 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CIUDAD DE VIGO BASQUET PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO “GESTIBÉRICA VIGO BASKET” .

En Vigo, a 13 de marzo de 2008

REUNIDOS

Dunha parte: D. Francisco Xavier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo.

Doutra parte: Juan Manuel Veites Baptista de Sousa, con D.N.I.35.991.928-X , como representante legal da mesma, con C.I.F. G-36962694, e con domicilio social en Rúa Príncipe 28, 2º de Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a entidade deportiva ___Ciudad de Vigo basquet conta cun equipo que participa na categoría LEB Bronce , e desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo está interesado en colaborar co desenvolvemento do deporte local dentro do marco de actuacións previstas na memoria deste convenio polo cal a colaboración para a promoción do deporte vigués ten no ámbito das entidades deportivas da cidade un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto do presente convenio establecece na colaboracion da Concelleria de Deportes do Concello de Vigo e a entidade Ciudad de Vigo basquet para o desenvolvemento do proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2007/2008.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións

Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes publico social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece os principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento aprobado para o exercicio 2008, na partida indicada, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG).

O solicitante debera reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración do Concello de Vigo e a entidade Ciudad de Vigo basquet para a execución do proxecto de promoción a través do equipo de élite da entidade que participa na categoría: LEB Bronce e de forma xeral non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes da mesma administración e outras administracións o entes públicos ou privados

Cuarta: A entidade Ciudad de Vigo basquet, comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo a través da promoción do deporte en Vigo a través do equipo de élite e de forma concreta establécense en:

- Utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*
- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*
- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*
- Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*
- En todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.*
- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

Quinta: O Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes comprométese a:

- Colaborar coa entidade Ciudad de Vigo basquet na tramitación das necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de elite na cidade de Vigo.*
- Facilitar as medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Ciudad de Vigo basquet , (revista, web, etc).*
- Aportar a cantidade de _____18,000,00 euros (dezoitomil euros) á entidade Ciudad de Vigo basquet , en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2007/2008, con cargo á partida 4521.489.00.12 do orzamento vixente.*

Sexta: A vixencia deste convenio é pola totalidade da tempada deportiva 2007/2008, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata un mes da finalización da tempada deportiva

correspondente, establecéndose como data de referencia para a finalización da tempada o do ultimo partido da competición oficial.

Séptima: A entidade Ciudad de Vigo basquet presentará unha memoria para a xustificación das actividades realizadas polo equipo de elite en base o proxecto presentado.

- A aceptación por parte da entidade Ciudad de Vigo basquet da subvención, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións .*
- O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso, maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*
- O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.*
- A concesión de subvención implica a aceptación por parte da entidade Ciudad de Vigo basquet das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- O Técnico responsable do servicio de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente convenio, certificará a adecuada xustificación do presente convenio mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.*

Oitava: Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a entidade Ciudad de Vigo basquet, deberá de adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*
 - a) Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*
 - b) Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
 - c) Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
 - d) En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*
 - e) En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse cos gastos subvencionables realizados (Art. 31.2 Lei 38/2003) e vinculados de forma directa o proxecto subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade o proceso de xustificación determinado neste convenio.*
 - f) Declaración actualizada doutras subvencións e/ou axudas solicitadas e/ou recibidas.*

- *En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa á tempada deportiva 2007/2008. Para a xustificación do período comprendido na tempada deportiva, o Técnico da área de deportes no informe adxunto a documentación especificará o período comprendido pola mesma.*
- *O persoal Técnico da Concellería de Deportes será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificacións da mesma mediante a emisión dun informe que se incorporará coa conta xustificativa e a documentación presentada no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes. O concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

Décima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima primeira: A entidade Ciudad de Vigo basquet deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o mesmo fin (programas e actuacións que figuran neste convenio).

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio.

10(582).- PROPOSTA PARA O PAGAMENTO DE AXUDAS Ó TRANSPORTE DOS ALUMNOS E ALUMNAS DA E.O. MAR DE VIGO IV. EXPTE. 5112/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interven-tor xeral, que di o seguinte:

O proxecto “Escola Obradoiro Mar de Vigo IV”, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola Con-sellería de Traballo, ten unha duración de 18 meses, contados a partir do 28/12/07, distribuídos en tres fases de seis meses cada unha, sendo a primeira delas de formación.

Tal e como se establece na normativa de aplicación (Decreto 344/1999, do 23 de decembro e a Orde do 16 de febreiro de 2007 capítulo II), os alumnos/as serán perceptores durante a fase de formación, dunha bolsa de transporte de 6,01 euros por día lectivo asistido, que será abonada pola entidade promotora e financiada pola Consellería de Traballo. A percepción da bolsa será incompatible coa de prestacións ou subsidios por desem-prego, e coa realización de traballos por conta propia ou allea. Para tal fin, a devandita Consellería subvencio-nou ao proxecto cun apartado de “bolsas ou axudas ao transporte” correspondentes á 1ª etapa formativa por un montante de 30.050,00 €. Tanto pola súa natureza como pola normativa que regula a súa existencia, estas axudas ao transporte non están, lóxicamente, sometidas ao réxime establecido na vixente Lei de Subvencións.

O procedemento de pago das axudas ao transporte que se propón ten as seguintes características:

- Faranse dous pagos trimestrais.*
- O primeiro pago corresponderá ao período comprendido entre o día 28 de decembro de 2007 e o 31 marzo de 2008, cun custo estimado de 15.025 euros.*
- O segundo pago corresponderá ao período comprendido entre o día 1 de abril de 2008 e o 27 xuño de 2008, cun custo estimado de 15.025 euros,*
- Terán que asinar os/as alumnos/as un recibín do talón nominativo que se lle entregue e que será o comprobante para a xustificación do gasto.*

Mediante as correspondentes listaxes de asistencia, o persoal da Escola remitirá ao Servizo de Promoción Eco-nómica e Emprego os importes resultantes para cada participante, por trimestre. Seguindo os trámites das an-

teriores Escolas Obradoiro Mar de Vigo I, II e III e considerando que a maneira mais axeitada de afrontar este gasto é solicitar un libramento a xustificar a nome do funcionario Francisco J. Gutierrez Orúe con cargo na conta corrente de habilitación de pagos AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA. Existe para este fin, no orzamento municipal para o exercicio económico de 2008 a partida 3220 4810024 “Becas Mar de Vigo IV”.

En relación co anterior PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Aprobar o procedemento de pago das axudas ao transporte dos/as alumnos/as da Escola Obradoiro Mar de Vigo IV.
- Autorizar o gasto de 30.050,00 euros para o pago das axudas ao transporte dos/as alumnos/traballadores da Escola Obradoiro Mar de Vigo IV, como estimación do que corresponderá para a totalidade dos seis meses que dan dereito á percepción da citada axuda (período comprendido entre o día 28 de decembro de 2007 e o 27 de xuño de 2008). O seu pago farase trimestral (2 pagos en total).
- Este importe librarase a xustificar, na conta corrente de habilitación de pagos de CAIXANOVA AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA, a nome do funcionario Francisco J. Gutierrez Orúe, xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, con DNI: 13.894.232-R, e realizarse con cargo á partida 3220 4890024 “Becas participantes E.O.Mar de Vigo IV”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(583).- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL. EXPTE. 5129/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

A consellería de Traballo da Xunta de Galicia no DOG de data 28/03/2008, publicou a Orde de 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego e, tendo en conta a mesma e conforme establece o Plan Municipal de Emprego o concello, desde 1999, ven ofrecendo aos desempregados e desempregadas de Vigo o Servizo de Información e Orientación Sociolaboral (SOL), o cal contéplase como un instrumento para informar, apoiar e asesorar nos procesos de busca de emprego das persoas desempregadas a través de accións individuais e grupais que contribúan a mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

Trátase de aportar un servizo integral en que se combinen políticas de emprego e inserción, pero tamén pensadas para dar resposta a aqueles que desexen mellorar o seu emprego, reconducindo a súa carreira profesional.

Consiste nunha serie de actuacións coas que se pretende dar servizo aos/ás usuarios/as do servizo, e que contemplan un amplo abanico de perfís das persoas que busquen traballo, pero tamén conxugando coas necesidades das empresas, buscando a colaboración co tecido empresarial da cidade, co obxectivo de acompañar os procesos de busca de emprego das persoas na procura o mellora do seu posto de traballo. Dotar de ferramentas, información e apoio xeral ás persoas inmersas nestes procesos.

Con esta finalidade o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, unha vez avaliado as necesidades e tendo en conta a novidade que supón ofrecer o servizo de asesoramento e información de xeito descentralizado nos centros cívicos municipais de Saians, Coruxo, Teis e Casco Vello, así como en colaboración coas asociacións veciñais do rural, estima necesario para un correcto funcionamento do mesmo a contratación de 1 coordinador/a, 5 técnicos de orientación laboral e 2 auxiliares administrativas de apoio, que se rexirán polo Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de persoal para o servizo de orientación laboral e, conforme establece na orde publicada, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:

Aprobar a presentación da solicitude de axuda para a contratación de 1 coordinador/a, 5 técnicos de orientación laboral e 2 auxiliares administrativas de apoio, que se rexerán polo Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, que se achega xunto co presente informe á consellería de Traballo da Xunta de Galicia en base ao establecido na Orde de 24 de marzo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(584).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR PARA ACCIÓNS DIRIXIDAS A FAVORECER A DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES. EXPTE. 3379/224.

Examinadas asa actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.04.08, co nformado pola concelleira de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 17 de marzo de 2008, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOGA núm. 64, do 3 de abril de 2008, pola que se convocan subvencións destinadas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, por un importe de 12.000.-€.

13(585).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 15.193,95 € A FAVOR DO GRUPO DE ESTUDIOS-ALECRÍN POLO SERVIZO NA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS DURANTE O MES DE MARZO DE 2008. EXPTE. 3357/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.04.08 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 3.04.08, conformado pola concelleira de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 08/2008 do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 2 de abril de 2008, por un importe total de 19.647,75€, en concepto de pernoctas e cuota fixa resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de marzo de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 19.647,75 €, en concepto de pernoctas e cuota fixa peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de marzo de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

3º.- Aboar ao “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G_36.633.154, por un importe total de 19.647,75€, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

14(586).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08002177	12.000,00	12.000,00	----	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08002936	1.500,00	1.500,09	----	0,09
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08002937	5.000,00	4.994,16	5,84	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08004169	808,21	808,21	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSE ÁNGEL	08002222	46.538,00	46.538,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSE ÁNGEL	08009310	21.800,00	21.800,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSE ÁNGEL	08011348	32.319,50	32.319,50	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08006450	11.976,00	11.976,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08006451	12.000,00	12.000,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08009421	12.000,00	3.572,57	8.427,43	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08011294	29.634,05	29.634,05	----	----
NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ JESÚS	07066902	429,60	412,22	17,38	----
NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ JESÚS	07066904	360,16	325,16	35,00	----
NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ JESÚS	07066905	240,00	240,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	07050904	1.000,00	982,72	17,28	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08002225	1.042,84	1.042,84	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08002226	206,74	206,74	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08002227	60,00	42,70	17,30	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005044	137,03	137,03	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005335	350,00	289,41	60,59	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005336	18,70	18,70	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005337	18,70	18,70	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005338	98,94	98,94	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005356	116,00	116,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08005995	54,78	54,78	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	07065248	2.690,00	2.242,36	447,64	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	07065250	438,13	438,13	---	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	07065251	677,93	677,93	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	07071505	3.000,00	2.791,16	208,84	----
SANROMÁN VARELA Mª JESÚS	07069815	280,00	228,00	52,00	----
SANROMÁN VARELA Mª JESÚS	07069817	310,11	225,44	84,67	----
SANROMÁN VARELA Mª JESÚS	08004906	134,98	134,98	----	----
VIEITES ALÉN JOSE MANUEL	08002128	6.000,00	5.999,85	0,15	----
TOTALES		203.240,40	193.866,37	9.374,12	0,09

TOTAL XUSTIFICADO.....

193.866,37

15(587).- ENCOMENDA DA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE SANEAMENTO Á ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO AQUALIA FCC VIGO UTE. EXPTE. 54779/250.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 10.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de vías e Obras e Servizos Centrais, que di o seguinte:

Antecedentes

Primeiro: O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión de data 25 de marzo de 2002, acordou prestar aprobación ao convenio entre a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga (UTE SERAGUA FCC) e esta administración municipal para a execución de proxectos polo importe de 6.477.912,80€, que supoñen os orzamentos de contrata das diferentes actuacións (IVE excluído).

Pola súa banda a UTE SERAGUA FCC comprometéase levar a cabo obras de mellora nas redes adscritas o servizo, durante os exercicios 2002, 2003 e 2004 por un importe de 721.214,53€, que na actualidade atópanse totalmente executadas.

Malia o anterior é o certo que na cláusula Sexta do mencionado convenio establecíase: "As partes intervenientes comprométense a formular un plan de investimentos, con vixencia a partir do 1 de xaneiro do exercicio 2005, que posibilite facer fronte a renovación e substitución das redes de abastecemento e saneamento, durante os últimos dez anos do período concesional", da mencionada previsión non se adoptou ningún acordo a data da redacción do presente informe.

Os investimentos relacionadas no referido convenio financiábanse integramente con fondos procedentes de cotas de enganche, previstos na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de este servizo, e cuxa xestión foi encomendada á entidade concesionaria.

Segundo: O pleno desta corporación na sesión de data 31/3/2003 acordou encomendar á entidade concesionaria a execución do proxecto "subministración de auga o Concello de Vigo, Conexión o Casal-Valladares, e peche perimetral, previa aprobación técnica, e con un orzamento de contrata de 7.049.844,65€ (IVE excluído)

A cobertura financeira do mencionado compromiso estableceuse con cargo os fondos dispoñibles da entidade concesionaria, a partir de 1 de xaneiro de 2005, como consecuencia da cancelación definitiva do préstamo suscrito pola extinta empresa municipal de abastecemento e saneamento de auga de Vigo, S.A. (EMAVISA), no que subrogou a concesionaria do servizo, e que implicaba un recargo na tarifa aos usuarios do abastecemento de 0,1305€/m³.

O valor actual neto, de acordo coa prognoses de demanda do abastecemento entre o 1 de xaneiro de 2005 ea data de termino da concesión (31/12/2015) supoñía que a percepción da dita contía por m³ sen expresa aceptación á amortización das obrigacións financeiras subscritas por EMAVISA permitían dispoñer dun montante para investimento de 15.257.383,31€.

Terceiro: A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de setembro de 2004 acordou subscribir coa concesionaria un convenio para a execución de actuacións polo importe de 5.293.540,58€ (orzamento de contrata IVE excluído), con arranxo as mesmas fontes de financiamento que se citan no apartado precedente.

Cuarto: Malia o anterior, e con independencia dos referidos acordos leváranse a efecto os seguintes investimentos:

- Proxecto de mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a conducción da subministración do Parque Tecnolóxico encomendado a AQUALIA-FCC VIGO UTE en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003 769.004,64€
- Dirección de obra e control de calidade dos proxectos mencionados anteriormente adxudicados a CII-SA (Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.) segundo o acordo da Comisión de Goberno na sesión de 5/5/2003. 215.350,15€

- *Proxecto modificado (adicional líquido) do adxudicado en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003* 1.165.083,74€
- *Honorarios de redacción do proxecto e dirección de obra do proxecto modificado da rede perimetral (Xunta de Goberno Local 2/8/2004)* 53.544,00€
- *Liquidación do proxecto de abastecemento de auga a Beade (Xunta de Goberno Local 28/8/2004)* 57.436,13€

Quinto: Con independencia do exposto anteriormente a Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, financiou na súa integridade os proxectos "Ampliación do saneamento de Valladares" e "Saneamento de Beade". Pola súa banda esta administración municipal cofinanciou, coa axuda financeira do Fondo de Cohesión da Unión Europea, as actuacións relativas a "Ampliación de saneamento de Zamáns" e "Automatización do colector marxe de ría".

Sexto: A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, celebrada o día 14 de decembro de 2005, adopto o acordo, cuxo tenor literal transcríbese a continuación:

- “1º *Encomendar a entidade AQUALIA FCC VIGO UTE, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, a execución dos proxectos explicitados nos apartados letras A), C) e D) do anexo adxunto así como o aboamento dos honorarios por redacción dos distintos proxectos ou memorias valoradas, requiríndolle a transferencia a favor desta administración municipal das cantidades correspondentes ás expropiacións do segundo plan de saneamento (91.136,50€) e as imputables o proxecto saneamento baixada a ríos (11.234,71€), co obxecto de que polo departamento de Vías e Obras se de trámite o expediente administrativo de expropiación forzosa, polo procedemento de urxente ocupación...“.*

No apartado letra “A” das inversión solicitadas da entidade concesionaria do servizo está comprendido o proxecto “Actuacións en Colectores Veciñais” o que se lle asigna un orzamento de contrata (IVE excluído) por importe de 1.583.202,87€ que foi aprobado técnicamente polo mesmo órgano municipal en sesión de data 24/10/05 y sometido a información pública ós efectos de dar cumprimento á decisión adoptada pola Xunta de Goberno Local en reunión de 6 de marzo de 2006.

Sobre a necesidade de acometer as actuacións propostas e a súa execución a través da concesionaria do servizo.

A petición formulada polo Enxeñeiro – Xefe de Vías e Obras, trae causa do informe emitido pola Dirección de Obra e ampárese na necesidade de realizar actuacións en determinadas zonas co obxecto de evitar os verquidos de saneamento ante a inexistencia de bombeos ou como consecuencia de haberse detectado deficiencias nas redes interiores dos colectores.

O informe da Dirección de Obra plantexa, en síntese, a existencia de un marxe orzamentario favorable no proxecto “Actuacións en Colectores Veciñais”, cuantificada na cifra de 272.534,56€ (IVE excluído) que dispoñía de garantía financeira o amparo de devandito acordo de data 14/12/2005.

A pertinencia de realizar as obras, ás que se refire o presente informe, se sustentan no informe emitido pola Dirección de Obras, coa conformidade do Enxeñeiro-Xefe de Vías e Obras, habida conta da necesidade de efectuar estas intervencións puntuais na rede de Saneamento e a disposición da cobertura suficiente para facer fronte ás mesmas.

De conformidade co anterior esta xefatura somete á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Encomendar á entidade concesionaria do servizo, AQUALIA-FCC VIGO UTE, as actuacións que o marxe se reseña, segundo os orzamentos de contrata (IVE excluído) que se citan:

1	Saneamiento Bouciña	71.571,37€
2	Bajada a Ríos en Sárdoma	44.368,06€
3	Eliminación vertido Mide	31.191,84€
4	Acometidas y otros en Teis	36.928,07€
5	Renovación Calexón y Silvana	39.750,09€
6	Renovación Rotea de Abaixo	7.723,78€
7	Renovación Gandariña	15.937,37€
8	Renovación Becerreira	25.897,10€
TOTAL PRESUPUESTO I.V.A. EXCLUIDO		273.367,68€

2º.- Poñer en coñecemento da entidade concesionaria a improcedencia de recuperación das inversións que se propoñen toda vez que éstas dispoñen da cobertura orzamentaria que figura plasmada no acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2005.

3º.- Trasladar á entidade concesionaria a obriga que lle incumbe, unha vez rematada-las obras, respecto á presentación dun proxecto de liquidación, desglosando a obra realmente executada do contemplado no proxecto aprobado, das actuacións complementarias que se propoñen.

4º.- Significar a entidade concesionario do servizo que as partidas alzadas propostas serán obxecto da súa correspondente medición e valoradas de acordo cos prezos unitarios do proxecto e, no seu defecto, en consonancia co cadro de prezos da concesionaria para obras de inversións P.I.C.

5º.- Comunicar á entidade concesionaria do servizo que o orzamento de contrata (IVE excluído), resultante da execución do proxecto "Actuacións en Colectores Veciñais" e das intervencións que se propoñen no presente acordo en ningún caso poderá exceder da cantidade de 1.583.202,87€ (IVE excluído) cantidade ésta que resulto imputable o orzamento do proxecto devandito, con carácter previo a súa execución .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(588).- AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON, POLA ENTIDADE AQUALIA-FCC VIGOTE CORRESPONDENTE O PERÍODO XANEIRO A ABRIL DO 2007 E REGULARIZACIÓN DOS MESES DE XANERIO DE 1991 A DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 101208/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 4.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de vías e Obras e Servizos Centrais, que di o seguinte:

Con data 30 de novembro do ano 2007 a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello autoliquidación do canon concesional, correspondente o período xaneiro a abril de 2007 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a decembro de 2006

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 245.691,92€ correspondente a unha subministración de 11.523.064m³., a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 1.904,10€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que

proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período xaneiro a abril de 2007 por un importe de 345.691,92€, que corresponde a un volume de facturación 11.523.064m³.

2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Decembro 2006, por un importe de 1.904,10€

3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(589).- AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON, POLA ENTIDADE AQUALIA-FCC VIGO UTE CORRESPONDENTE O PERÍODO MAIO A AGOSTO DO 2007 E REGULARIZACIÓN DOS MESES DE XANERIO DE 1991 A ABRIL 2007. EXPTE. 101209/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 4.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de vías e Obras e Servizos Centrais, que di o seguinte:

Con data 31 de marzo do ano 2008 a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello autoliquidación do canon concesional, correspondente o período maio a agosto de 2007 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a abril de 2007.

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 313.913,76€ correspondente a unha subministración de 12.463.792m³., a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 26.807,85€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Maio a Agosto de 2007 por un importe de 313.913,76€ que corresponde a un volume de facturación 12.463.792m³.

2º *Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Abril de 2007, por un importe de 26.807,85€.*

3º *Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(590).- PROXECTO DE RECUPERACIÓN E DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO AREAL DE SANTA BAIA (ALCABRE-VIGO) EXPTE. 5259/306.

Dase conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Medio Ambiente, do 7.04.08, conformado polo xefe de dito servizo, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O enxeñeiro de CC.CC e PP. D. Sergio Franco Bastianelli («Ingebaires, S.L.») redactou, por encargo da Concellería de Medio Ambiente, o proxecto denominado «Proxecto de recuperación e de mellora da accesibilidade do areal de Santa Baia (Alcabre-Vigo)», co que se pretende definir as obras necesarias para recuperar espazos de praia hoxe ocupados polo noiro existente e posibilitar un mellor acceso á mesma desde a rúa Baixada á Igrexa. Calcúlase unha recuperación duns 650 m2 de praia, dos cales uns 400 serían de areal.

I.2. Basicamente, as accións por desenvolver son: (1) A adecuación do espazo, que inclúe a demolición dunha vivenda en ruínas (sita en terreos de propiedade municipal) e do muro de cachotería; (2) A recuperación do areal, executando un novo noiro de terras, sen muros e por detrás do actual, revexetando o noiro e limpando a nova zona gañada á praia; (3) A execución dunha pasarela peonil en madeira. A súa necesidade para os fins de servizo público encomendados á Concellería de Medio Ambiente resulta da ineludible esixencia de mellorar as condicións ambientais e de accesibilidade xeral no areal de Santa Baia, en Alcabre.

I.3. A teor do disposto no artigo 111.1 e 3 da L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas, tales obras poderían considerarse de interese xeral e de competencia estatal, polo que no estarían sometidas a licencia ou a calquera outro acto de control por parte da Admón. local, e a súa execución no podería ser suspendida por outras Admóns. públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan.

I.4. O 23.11.2007 a Oficina municipal de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras (OSPPIO) informa favorablemente o proxecto sinalando que a súa documentación considérase completa e que reúne todos os requisitos esixidos pola lexislación de contratos das Admóns. públicas, propoñendo a súa aprobación.

I.5. Ademáis, no informe do Director adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo do 13.11.2007, indícase que a parcela sobre a que se executará a actuación, de 9.464,30 m2 foi cedida ó Concello mediante convenio aprobado en sesión plenaria do 27.02.1992, celebrado entre esta Corporación e Dº Elia e Dº Esther González González, para a ordenación do ámbito da unidade de actuación UA 8 "IGREXA" do Núcleo 01-04 "VIÑAGRANDE-C", figurando no documento do PXOM en trámite como sistema xeral de zonas verdes pertencente á Área de Planeamento Incorporado, API-30.

I.6. Dadas as afeccións sectoriais que concorren no ámbito obxecto da actuación, solicitáronse formalmente os informes de Costas do Estado (Dirección Xeral de Costas-Servizo de Costas en Pontevedra) e da Xunta de Galicia (Servizo de Usos do Litoral-CPTOPT) e de Patrimonio cultural (Consellería de Cultura e Deporte-Xunta de Galicia), todos eles favorables. Con todo, como consecuencia deste último, foi necesario realizar sondaxes arqueolóxicas previas, que permiten o inicio das obras previstas, sen prexuízo do control arqueolóxico dos movementos de terras previsto durante a súa execución.

I.7. De acordo coas reiteradas conversas mantidas por representantes da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo coa Xefatura de Costas en Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente, este Servizo será quen asuma materialmente con medios propios, a través da empresa TRAGSA, a execución das obras de desmonte do noiro e de demolición e a retirada

e transporte dos residuos a vertedoiro autorizado, polo que o Concello só debería facer fronte ó custo representado pola instalación do sistema de recollida de augas, pasarela de madeira de acceso á praia e adecuación ambiental e paisaxística da zona.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: *Aprobar o «Proxecto de recuperación e de mellora da accesibilidade do areal de Santa Baia (Alcabre-Vigo)», redactado polo enxeñeiro de CC.CC. e PP. D. Sergio Franco Bastianelli («Ingebaires, S.L.»), por encargo da Concellería de Medio Ambiente, con visado do CICCP de Galicia de data 11 de febreiro de 2008.*

SEGUNDO: *Notificar este acordo e remitir un exemplar completo do proxecto ó Servizo de Costas en Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente, quen asumirá, con medios propios, a execución da parte do proxecto referida ó desmonte do noiro, demolicións e retirada e transporte de residuos a vertedoiro autorizado.*

TERCEIRO: *Notificar tamén á Área de Servizos Xerais do Concello quen, a través do Departamento de Vías e Obras, xestionará os verquidos de terras e a instalación do sistema de recollida de augas, sendo de conta do Servizo de Medio Ambiente a posterior colocación da pasarela de madeira de acceso á praia e a adecuación ambiental e paisaxística da zona.*

CUARTO: *Poñer a disposición do Servizo de Costas en Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente os terreos de propiedade municipal afectados polo proxecto».*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(591).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO PARA ORGANIZAR ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO PARA O ANO 2008. EXPTE. 3442/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 17.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 19.03.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" para o fomento de actividades de fomento de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

2º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de 15.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 463.1.489.00.01. de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2008

Na Casa do Concello da cidade de Vigo, o día de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D. Santos Hector Rodríguez Dçiaz, na súa calidade de concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei, 1, de Vigo

Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, Presidente da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", (CIF G-36704666), con enderezo en Praza Galegos Ilustres, s/n de Vigo

Ambas as dúas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

Conforme ao previsto na lexislación vixente, e entre as que se cita a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 da administración local de Galicia, o R.d Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local e o R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundar na democracia representativa.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 143-90, e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade, xunto coa colaboración permanente nas actividades cidadáns organizadas por este Concello de Vigo.

Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da Federación, constitúeo o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade que se achegan como anexo a este convenio.

En consecuencia ao exposto, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento ao desenvolvemento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario, que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, referenciadas no presente convenio.

SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento

Conforme a memoria que achega a asociación, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as seguintes accións para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello:

ÁREAS	CONCEPTO	CANTIDADE SOLICITADA
00.ORGANIZACIÓN	XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN 4. LOCAL SOCIAL 5. CONSUMIBLES • ADMINISTRACIÓN • SUBMINISTROS • LIMPEZA	6,000,00 €
01.PROMOCIÓN	EDICIÓN DA REVISTA ANUARIO	2.500,00 €
02.CONVIVENCIA	FESTA DAS PEÑAS	2.500,00 €
03 SOCIAL	XXIII TROFEO CIDADE DE VIGO DE XOGOS DE MESA	4.000,00 €
	TOTAL.....	15.000,00 €

TERCEIRA.- Destinatarios/as

As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo

- Respetar a estrutura organizativa da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas nas distintas áreas establecidas.
- Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 8ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"

- Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 €.
- Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da Concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo. As páxinas para

espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitáranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Mecanismos do seguimento e comprobación da execución do Convenio

O mecanismo de seguimento, control e inspeccións deste convenio establécese en base á memoria final que presente a federación de peñas, sen menoscabo da presenza do persoal municipal nas propias actividades que esta determine.

O servizo de Participación Cidadá levará a cabo a comprobación da subvención, que se materializará na emisión dun informe no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. Este informe incorporárase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa xustificación da subvención.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

Consideranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas no presente convenio, e que así mesmo, figuran recollidos nos presupostos presentados por cada entidade sindical.

OITAVA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación

1. O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 15,000,00 € (QUINCE MIL EUROS), con cargo á partida 463.1.489.00.01., do vixente orzamento da Concellaría Participación Cidadá, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080/0020/13/0040023628
2. Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.
3. A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:
 - Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
 - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:
 - a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:
 - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado

- *Datas e lugar de celebración.*
 - *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - *Actuacións realizadas.*
 - *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- h) *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá*
- *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*
- 4.- *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

NOVENA.- Causas de resolución e solución de controversias

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte da entidade receptora, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar a correspondente liquidación e a obriga pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMA.- Réxime xurídico aplicable

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2008.

DÉCIMO SEGUNDA.- Final

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

20(592).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO-AGARIMO PARA ORGANIZAR ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO PARA O ANO 2008. EXPTE.3464/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 17.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 19.03.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” para o fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, a través do financiamento do aluguer do local onde se desenvolven estas actividades.

2º.- Autorizar o gasto de 13.000,00 € para financiar o custo de aluguer do local sociocultural da citada asociación para o ano 2008, con cargo a partida 4631 4890000 do vixente orzamento municipal.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN
CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO”*

En Vigo, a ----- de ----- do dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcade do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo

E doutra parte, Dª Ana Gil Lodeiro, en calidade de Presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF G-36821817) e enderezo na rúa San Xosé, 22 Baixo de Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente e poder para asinar este Convenio, asumindo as responsabilidades de todo tipo que se deriven, e, a tal efecto

EXPOÑEN

Conforme ó previsto pola lexislación vixente, lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da administración local de Galicia, R.dL. 781/1986 texto refundido en materia de réxime local, R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, e tendo en conta que o artigo 51.2 da Constitución española estable que os poderes públicos promocionaran a información e a educación dos consumidores e usuarios, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a promoción a información e a educación no ámbito do consumo, senón tamén a fomentar o asociacionismo nese ámbito como un medios de cumprir cos principios de información e educación dos consumidores.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, de consumidores e usuarios, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana,

e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

A través da Concellería da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asocianismo neste ámbito incrementando a participación cidadá, e como complemento á súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a todas as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida social, educacional e formativa, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiamento.

A cidade de Vigo cunha poboación preto de 300.000 veciños, só ten cinco asociación de consumidores e usuarios, o que dunha banda supón unha importante carencia de asociacións que colaboren coas administracións na promoción da información e educación dos consumidores e usuarios e, doutra banda existe gran necesidade de equipamentos sociocomunitarios, que desde este concello se ven paliando a través de distintas subvencións para o aluguer de espazos sociais no que poidan desenvolver as súas propias actividades.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” , atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello co número 517/97 desde o 16 de maio de 1997, coa súa documentación actualizada, na que tamén se achega a carencia de débedas coas distintas administracións..

Dada a necesidade para esta cidade e os seus veciños da dispoñibilidade dun local social onde realizar as súas actividades, e en consideración ao interese social, público, e económico que provocan as mesmas, as cales redundan no beneficio da cidade, e considerando que a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” e unha das mais importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo, xunto coa urxencia e precariedade á que están suxeitos, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa das previstas no art. 22.2.c) da citada Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ao exposto, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio:

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e educativo, que veñen referendadas na memoria de actividades que achega a entidade cidadá.

SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento:

As actividades obxecto do financiamento son as recollidas no Anexo I, e que teñen unha relación directa coa promoción, a formación e a información dirixida aos consumidores e usuarios no fomento de hábitos de consumo e do coñecemento dos seus dereitos, e están recollidas na memoria que achega a entidade cidadá xunto coa declaración para ser beneficiaria da subvención, contéplanse os gastos propios de mantemento do local para garantir a práctica organizativa das citadas actividades.

TERCEIRA.- Destinatarios/as:

As actividades de carácter informativo e de formación con cargo ó presente convenio destinaranse aos seus asociados xunto co público en xeral, sendo o seu acceso segundo o caso, aberto e gratuito.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo:

- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas.
- Determinar segundo a información e documentación establecidas nas cláusulas 6ª e 7ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados.

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” :

- Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
- Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 6ª.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
- Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Mecanismos do seguimento da execución do Convenio:

O mecanismo de seguimento, control e inspeccións deste convenio establécese en base á memoria final que presente a asociación.

Correspóndelle aos técnicos da concellería da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio.

SÉTIMA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación:

En compensación a súa actividade e como gastos de mantemento propios da asociación o Concello de Vigo abonará á Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” a cantidade de TRECE MIL EUROS con cargo á partida 4631 4890000 do orzamento municipal.

Dita suma establécese por todos os conceptos e impostos incluídos no mantemento da asociación, sendo esta cantidade aboada mediante transferencias bancarias á súa conta corrente número 2091 0552 71 3040004976.

1. Anticipos a conta: Co fin de facilitar a administración dos gastos, tramitarase coa sinatura do convenio, o aboamento de 6.500,00 € (seis mil quinientos euros) importe do 50% asignado ingresándose o 50 % restante unha vez se teñan xustificadas a totalidade dos programas conveniados, tal como se establece na liquidación final
2. Liquidación final: Unha vez rematadas as actividades acordadas e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do período do convenio, presentarase no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa que incluírá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de liquidación final.

b) Memoria descriptiva das actividades e accións realizadas, que conterá os datos da programación desenvolvida, e entre outros a participación, asistentes, usuarios dos servizos e posible memoria de prensa e comunicación.

c) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación de, aló menos, a súa data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago.

d) Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos presentados polo beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que conste que o documento ou factura se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto indicando a porcentaxe do mesmo que se imputa.

d.2) Os documentos xustificativos serán orixinais. No suposto de que se presenten fotocopias, estas deberán ser debidamente compulsadas polo servizo xestor.

d.3) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable, considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.

Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar.

d.5) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Nas facturas figurarán os datos do emisor da factura, núm. de CIF/NIF, data, importe con todos os impostos incluídos e concepto facturado. Tamén se achegarán as correspondentes facturas orixinais expedidas conforme ó establecido no R.D. 1496/2003 pola totalidade do gasto comprometido con cargo ao Concello.

A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá que será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

OITAVA.- Causas de resolución e solución de controversias.

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, queda facultado para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

NOVENA.- Réxime xurídico aplicable.

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMA.- Vixencia:

A vixencia do convenio será desde a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro do ano 2008.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Final:

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN

- *Charla/coloquio sobre “Consellos de seguridade para unha enerxía limpa e eficiente” impartido por persoal de Gas Natural.*
- *Charlas informativas sobre Xestión de Compras impartidas por persoal de Mercadona.*
- *Charla informativa co título “Botox sen cirurxía” impartido pola firma Herbelia.*
- *Invitación de El Corte Inglés á charla/coloquio “Todo pola túa pel”.*
- *Charla/coloquio da dietista Marta Guarro sobre “Unha alimentación sa”.*
- *Conferencia divulgativa sobre “Tratamento do Glaucoma”.*
- *Charla/coloquio con persoal da Consellería de Pesca sobre “O consumo seguro de moluscos bivalvos”.*
- *Exposición dos traballos realizados nos cursos organizados pola asociación.*
- *Charla/coloquio sobre “A Tarxeta como medio de pago”.*

21(593).- ADXUDICACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO CALVARIO; BOUZAS E AVDA. CASTELAO. EXP-TE. 54069/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Mesa de Contratación, realizada o 9.04.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Galaicontrol, S.L. o concurso para a contratación da asistencia técnica para a redacción proxecto humanización Calvario; Bouzas; Avda. Castelao. (Exp. 54069/250) por un importe de 29.950. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 04.02.2008 e a oferta presentada .

22(594).- SUBHASTA PARA CHATARRA DE 33 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 2257/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 4.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 33 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).

Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

23(595).- SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA AVDA. DE BALAÍDOS DE EXTINCIÓN DA SERVIDUME DE PASO EXISTENTE SOBRE A FINCA SITA NA AVDA. DE BALAÍDOS Nº 63. EXPTE. 17843/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 2.04.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Código Civil, aprobado polo Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).*
- *Lei 2/2006, de 14 xuño, de dereito civil de Galicia (LDCG).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*

ANTECEDENTES:

D. José Luís Piñeiro Vidal, en nome e representación da Comunidade de propietarios da Avenida de Balaidos nº 63, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xuño de 2006, solicita a extinción da servidume de paso existente sobre a citada finca da Avenida de Balaidos nº 63 á favor dunha finca de titularidade municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O presente expediente ten por obxecto determinar se procede ou non a extinción da servidume de paso que grava a finca propiedade da Comunidade de propietarios da Avenida de Balaidos nº 63 polo feito de que a finca municipal a cuxo favor está constituída a servidume teña outro acceso, tal e como alega a devandita comunidade. Esta finca municipal foi adquirida polo Excmo. Concello de Vigo en virtude de cesión gratuíta da entidade PROMOCIONES VICASIN, S.L., efectuada en escritura pública de data 1 de decembro de 1995, e inscrita a favor do Concello no Rexistro de Propiedade nº de Vigo, tomo 482, sección 3ª, folio 153, finca 35. 762, coa finalidade de ser destinada a zona verde de uso público.

A servidume é un gravame imposto sobre un predio en beneficio de outro pertencente a distinto dono (artigo 530 CC). Poden ser legais ou voluntarias, segundo resulten establecidas pola lei ou polos propietarios do fundo servinte (artigo 536 CC). A servidume que nos ocupa é de carácter voluntario, foi establecida pola vontade propia dos donos do predio servinte, xa que é principio xeral de noso ordenamento xurídico que todo propietario dunha finca pode establecer nela as servidumes que estime conveniente, no modo e forma que ben lle pareza, sempre que non contraveña as leis nin ó orde público (artigos 594 CC e 87 LDCG). Así mesmo, entre os modos de adquirir a servidume de paso citados no artigo 82 LDCG, de aplicación preferente en esta materia ó Código Civil, figura a vontade do dono do predio dominante. Neste senso, D. Tomás Rodríguez Costas, en escritura pública de data 4 de novembro de 1976, en nome e representación de D^a. Carmen Lago Amoedo e D. Juan Novoa Pazo, á sazón, donos da finca urbana sita na Avenida de Balaidos nº 71 (hoxe 63), procedeu a formalizar a segregación, declaración de obra nova e división horizontal da mencionada finca, establecendo a servidume obxecto do presente expediente, que se describe nos seguintes termos “sobre el pasadizo o calle interior cubierta que desde la Avenida de Balaidos va hasta la finca segregada y por el que tienen acceso las viviendas, planta baja y sótano a garaje, a pie y con vehículos, se constituye un derecho real de servidumbre también a pie y con vehículos, en favor del terreno segregado (...) y edificaciones que sobre el se ejecuten”. É dicir, que a servidume se establece polos causantes con carácter permanente, sen sometela a termo, nin condición ou modo ningún, configurándoa case como unha vía pública pois a denominan “calle interior”, regulándose, ó instaurar o réxime da comunidade de propietarios de Balaidos nº 71 (hoxe 63), o réxime dos gastos de mantemento e conservación da servidume, que corren a cargo da devandita comunidade. Ademais, os propietarios do fundo servinte se reservaron para si e os seus dereitohabentes a facultade expresa de “autorizar a los propietarios de la finca colindante por la izquierdqa entrando desde la calle o viento sur, acceso a pie y con vehículos, para la misma y sótanos y locales que en ella se ejecuten, a través del pasadizo o calle interior cubierta referida, constituyendo al efecto por sí solos, sin ningún otra intervención, la correspondiente servidumbre, incluso con efectos registrales, atribuyéndoles facultades en derecho suficientes a tal fin y para que puedan otorgar los documentos públicos necesarios sin intervención de los demás condueños y sin que por ello tengan que abonar suma alguna, por ningún concepto, a la Comunidad ni a ningún condueño”. Cargas coas que os actuais propietarios da comunidade de propietarios de Balaidos nº 63 adquiriron as súas cotas de propiedade.

Segundo.- O Sr. Piñeiro sinala na súa solicitude como motivo de extinción da servidume que grava a finca da súa representada o feito de que a devandita finca municipal, predio dominante, ten agora un acceso directo a través do Paseo do Río Lagares. No entanto, como modos de extinción da servidume de paso, calquera que tivera sido a súa forma de constitución, o artigo 93 LDCG unicamente establece os seguintes:

- 1º Reunirse nunha mesma persoa a propiedade dos fondos dominante e servinte.
- 2º O non uso durante o prazo de vinte anos.
- 3º A renuncia do dono do predio dominante.
- 4º Ter chegado o día ou terse realizado a condición, se a servidume fora temporal ou condicional.
- 5º A redención convenida entre o dono do predio dominante e o propietario do predio servinte.

A vista deste precepto podemos concluír que aínda no suposto de que, como alega a comunidade propietaria da finca servinte, o paso non resultase necesario para acceder a finca por ter esta outro acceso a través do Paseo do Río Lagares, esta circunstancia so é unha causa de extinción no caso da servidume legal de paso na lexislación estatal (artigo 568 CC), porque segundo o dereito civil de Galicia, aplicable neste caso con carácter preferente (artigo 1.3 LDCG), se a servidume deviñese inútil ó non reportar ningunha avantaxe ó predio dominante, non se extinguiría ata o transcurso do prazo legal de extinción, se ben ó titular do predio servinte se lle concede a facultade de solicitar a suspensión do exercicio en tanto a servidume non recobre a utilidade ou transcorra o mencionado prazo.

Terceiro.- No motivo cuarto do seu escrito, o Sr. Piñeiro considera que existe no presente caso un abuso de dereito posto que o predio dominante inicialmente era unha finca privada e ó ser cedido á Administración municipal o foi con carácter de ben patrimonial e esta Administración pretende agora convertelo nun ben demanial, ó que implica un maior gravame para o predio servinte.

O abuso de dereito consiste na realización dun acto u omisión que pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice sobrepase manifestamente os límites normais de exercicio dun dereito, con dano para terceiro (artigo 7.2 CC). A aplicación da doutrina do abuso de dereito ten carácter excepcional e

un alcance singularmente restritivo, segundo reiterada xurisprudencia (STS Sala de lo Civil Sección 1ª, de 29 marzo de 2007). Así, a doutrina xurisprudencial esixe para a súa apreciación como elementos esenciais: a) o uso dun dereito obxectivo e externamente legal; b) dano a un interese non protexido por unha específica prerrogativa xurídica, e c) a inmoralidade o antisocialidade dese dano, manifestada en forma subxectiva (exercicio do dereito con intención de danar, ou sen verdadeiro interese en exercitalo "ausencia de interese lexítimo"), ou en forma obxectiva (exercicio anormal del dereito, de modo contrario a los fines económico-sociais do mesmo) (STS Sala de lo Civil Sección 1ª, entre outras, de 21 decembro 2000, 16 maio e 12 xullo 2001, 2 xullo 2002, 13 xuño 2003 e 28 de xaneiro de 2005). No presente suposto fallan dous dos seus presupostos necesarios, o suposto dano a Comunidade propietaria do fondo servinte que, a xuízo da informante, non se aprecia e a inmoralidade ou antisocialidade do mesmo.

En calquera caso, a finca municipal ten natureza demanial dende o momento da súa adquisición por canto a cesión gratuíta da mesma estaba condicionada ó cumprimento dunha carga, ser adicada a zona verde. E os terreos cualificados como zonas verdes, dado que son bens destinados a un uso público, por imposición legal teñen a condición de ben de dominio público (artigos 5 LPAP; 2 e 3 RBEL e 263 e 264 LALG). Pero ademais non se entende en que pode influír na servidume a cualificación xurídica do fondo dominante, o feito de que a finca municipal sexa de natureza patrimonial ou demanial non altera por se mesmo o uso que o público puidera facer da mesma nin a súa intensidade.

Cuarto.- Insiste o Sr. Piñeiro no motivo cuarto do seu escrito na imposibilidade de exercitar o dereito real de servidume de paso ó que implicaría, na súa opinión, a súa extinción, conclusión que extrae do feito de que esta servidume, tal e como foi configurada no título constitutivo, comprende tanto o paso de persoas como o acceso con vehículos e afirma que dado que se trata dunha zona verde non resulta posible acceder a mesma con vehículos. Sen embargo, a informante non coñece ningún precepto na nosa lexislación que exclúa ó acceso rodado as zonas verdes, acceso que resulta necesario para a maquinaria empregada no seu mantemento. E aínda que non se utilizase a servidume para o paso de vehículos non se entende porque esta circunstancia debería excluír o paso peonil.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local ó ter atribuída ex artigo 127.1.f LBRL a xestión do patrimonio municipal.

En mérito ó que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

“Declarar que non procede acceder á extinción da servidume de paso que grava a finca propiedade da Comunidade de propietarios da Avenida de Balaidos nº 63 polas razóns expostas no corpo deste escrito”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(596).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A MOVEXVIAL S.L. POLAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PARA PERSOAS DE MOBILIDADE REDUCIDA NO AREAL DA PUNTA-TEIS. EXPTE. 2259/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Oficina técnica, o informe de fiscalización e de acordo co informe-proposta do xefe do negociado de Contratación, do 11.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Movexvial S.L a fianza de 2.156,56 €, constituída para responder das “obras de mellora de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida no areal da Punta-Teis xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.06 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

25(597).- RECLAMACIÓN DE ZURICH ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1375/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 3.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Elias Barros Estévez no nome e representación da entidade Zurich España, compañía de seguros y reaseguros S.A., e de Bera 2000 S.L., presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 3 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 11 de outubro de 2006 o local propiedade de Bera 2000 S.L., asegurado por Zurich e ubicado na rúa Gran Vía núm. 128, sufriu inundacións debido ó desbordamento do sumidoiro público da rede de evacuación de augas pluviais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do Servizo de saneamento e abastecemento de augas do Concello de data 23.2.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 15.5.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que fai alegacións o 5.6.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos supostos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten a obriga tanto de prestar estes servizos como de responder de calquera dano causado ós particulares a consecuencia do seu funcionamento.

Cómpre en primeiro lugar constatar a existencia dun dano, que de conformidade co disposto no artigo 139.2 da Lei 30/1992 terá que ser efectivo, avaliabel economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas, esixindo a xurisprudencia a necesidade de que o reclamante acredite a súa realidade (Sts 20.12.1992, entre outras).

Así mesmo, o artigo 139.1 da Lei 30/1992 esixe que unha vez constatado o dito dano este o sexa “a consecuencia” do funcionamento do dito servizo público, nunha relación “directa, inmediata e exclusiva de causa afecto, sen intervención estrañas que alteren o nexo causal” (Sts 4.6.1994).

Polo tanto, do exame do expediente, resulta que: o día 11 de outubro de 2006 o local propiedade de Bera 2000 S.L., ubicado na rúa Gran Vía núm128- baixo, inundouse debido ó desbordamento da rede de sumidoiros por mor da chuva, producíndose danos no local e na mercancía que alí había, e que foron orzamentados en informe pericial achegado en 3.573,43 euros, facéndose cargo de ditos danos a compañía aseguradora Zurich da cantidade de 3.216,09 euros e Bera 2000,S.L. de 357,34 euros en concepto de franquía.

No expediente resulta constado que era un día de forte chuva, e non obstante non resulta acreditada forza maior.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). O Pleno do concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu a consecuencia do funcionamento do servizo.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e o artigo 123 da mesma lei di que “cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a que resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto. A vítima dun dano causado a consecuencia do funcionamento dun servizo público que tivera concertado un contrato de seguro en virtude dunha póliza subscrita ó efecto, terá dereito a que se lle indemnice consonte á ela. Non obstante, e de conformidade co que dispón o art. 43 da Lei 50/1980, de 8 de outubro do contrato de seguro, neste suposto a aseguradora poderá exercer os dereitos e accións que por razón do sinistro correspondan ó asegurado ata o límite da indemnización aboada.

Polo tanto, acreditado que a aseguradora e o reclamante están lexitimados para reclamar a prorrata do seu respectivo interés, así como que os danos polos que se reclama teñen a súa orixe no funcionamento dun servizo público municipal, o de abastecemento e saneamento de augas outorgado en concesión, sen que exista forza maior, procede estimar a reclamación presentada, tendo que responder deles a empresa Aqualia-FCC, S.A..

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., e Bera 2000, S.L. por danos no local comercial desta última ubicado na rúa Gran Vía núm. 128-baixo, que tiveron lugar o día 11 de outubro de 2006.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do Servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condi-

cions da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. na cantidade de 3.216,09 euros , e a Bera 2000, S.L. coa cantidade de 357,34 euros polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(598).- RECLAMACIÓN DE D^a. REMEDIOS VOCES CUADRADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1416/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Remedios Voces Cuadrado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2007, no que expón que, o día 11 de xaneiro de 2007, mentres camiñaba pola rúa Lalín, diante dos Xulgados, sufriu unha caída por mor dunhas lousas que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo da Policía Local de data 5.2.2007, no que indican non teren constancia de intervención en relación os feitos polos que se reclama.*
- *Informes do Servizo de vías e obras, de datas 13.2.2007 e 17.4.2007, sobre o estado do lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello de data 30.5.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data, que fai alegacións en 15.6.2007 e 30.1.2008..*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado

partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 11.1.2007 a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de Urgencias médicas do Hospital xeral de Vigo ás 09:59 h por unha fractura do colo do úmero.
- Se ben a efectos de proba a reclamante indica que interviñeron dous gardas e unha médico forense, non hai constancia no expediente destes, e a Policía local en informe de data 5 de febreiro de 2007 indica que en esa Xefatura non hai constancia de dita intervención.
- Non consta acreditada testemuña directa ningunha dos feitos, isto é de que a reclamante caera no lugar e a consecuencia da falta de lousas na beirarrúa.
- De conformidade co informado polo Servizo de vías e obras, tras inspección ó efecto, no lugar non hai desperfecto ningún, e se ben falouse coa interesada e esta manifestou que as lousas foron reparadas ós poucos días da caída, indicase que nin hai constancia de obras nesa zona nin ésta presenta sinais de ter sido reparada recentemente.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, de que o accidente ocorreu no lugar e circunstancias que ela indica, isto é a consecuencia de defectos nas lousas, e non por calquera outra causa, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e tampouco está probado que na zona indicada houbera defectos, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña Remedios Voces Cuadrado por unha caída ocorrida o día 11 de xaneiro de 2007 na rúa Lalín de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(599).- RECLAMACIÓN DE D. ALFONSO LEIRÓS FIGUEROA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1436/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alfonso Leirós Figueroa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2007, no que expón que o día 1 de abril de 2006 mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 8023-CSJ, por Beade-Saa do Monte, á altura do núm. 29 ó realizar un cambio de dirección á dereita para estacionar, colisionou cunha pedra existente na calzada, causándolle danos ó vehículo.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 1.4.2007, no que os axentes actuantes manifestan que, requiridos ó efecto no lugar o Sr. Leirós relátalles o accidente que tivera.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15.3.2007, sobre o lugar e a pedra á que se refire o reclamante.*
- Informe do servizo do Parque Móbil, de data 20.3.2007, sobre a valoración dos danos do vehículo.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante en data 11.10.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos supostos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a onsecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, das actuacións do expediente resulta que:

- De conformidade co parte do servizo da Policía local, os axentes que subscriben foron requiridos ó efecto ó lugar polo reclamante, manifestándolles éste que ó xirar á dereita pegou co vehículo nunha pedra que había no lugar. Indican que segundo veciños do lugar a pedra quedou no lugar tras realizarse obras na calzada, e que resulta bastante difícil tropezar con ela xa que está a uns dous metros do cruce e arrimada á parede dunha vivenda.
- O Servizo de vías e obras, consonte informa, procedeu en datas do mes de maio de 2005 a realizar obras no lugar despois de ter sido asfaltado pola Diputación de Pontevedra, e a pedra xa se atopaba no lugar, a uns 50 cm do bordo do asfaltado, descoñecendo quen a colocou nese lugar, aínda que posibelmente servira como parapeto co fin de evitar que os vehículos non se achegaran á parede da vivenda, e non foi retirada por canto a súa situación non molestaba para os traballos de referencia.

De todo o que resulta que se ben a Policía Local observou no lugar ó que foi requirida unha pedra e danos no vehículo, non resulta en absoluto acreditado que o accidente o fose a consecuencia destaposto que o informe da Policía Local recolle os feitos que lle manifesta o propio interesado, e reseña que lle parece bastante difícil que éstos se produxeran ó chocar coa pedra dada a súa ubicación. O informe de vías e obras, indica así mesmo que a pedra non molestaba no asfaltado da calzada, lugar polo que é obvio ten que circular os vehículos, e residencia a colocación de dita pedra nun terceiro alleo á Administración.

A manifestación do interesado como única proba, segundo ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 461/2006 entre outros) non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións as xustifique verosimilmente. Ademáis, do expediente se desprende a intervención na colocación no lugar da pedra por un terceiro descoñecido pero alleo á Administración o que en todo caso rompería a relación directa entre o actuar administrativo e o prexuízo causado. Polo que a ausencia de proba suficiente e a intervención dun terceiro alleo á Administración aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Por todo o que procede desestimar a reclamación efectuada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alfonso Leirós Figueroa por danos ocasionados no seu vehículo matrícula 8023-CSJ, en Beade-Saa do Monte o día 1 de abril de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(600).- RECLAMACIÓN DE D^a. ERMITAS NOGUEIRA OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1146/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. Ermitas Nogueira Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xullo de 2006, polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída acaecida o día 22 de xuño do mesmo ano e supostamente orixinada pola mala iluminación e pola existencia dunha lousa fora de rasante na rúa Cánovas del Castillo.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de Intervención dunha dotación da Policía Nacional, de data 23/06/2006.*
- *Informes do servizo de Vías e obras, de datas 24/08/2006 e 04/09/2007.*
- *Parte do servizo da Policía Local, de data 22/06/2006.*
- *Ditame médico de valoración dos danos persoais, de data 23/10/2006.*
- *Informe da Oficina do Inventario Municipal, de data 29/11/2006.*
- *Informe do servizo de Electromecánicos, de data 28/01/2008.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 01/04/2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a

garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois manifesta ter caído por mor da existencia dunha lousa fora de rasante na rúa Cánovas del Castillo, circunstancia corroborada polo Servizo de Vías e Obras municipal.

Así mesmo, outro servizo público que as entidades locais deben prestar en todos os municipios por imperativo legal é o alumeadado público (artigos 25.2.1 e 26.1.a LBRL e 80.2.1 e 81 a LALGA). Segundo a Sra. Nogueira unha das causas que motivaron a súa caída foi a pouca iluminación da rúa, o que lle impediu detectar o mencionado obstáculo. Se ben, segundo informa o servizo municipal de electromecánicos, tras realizar inspección e medir o nivel lumínico da rúa, a iluminación existente é adecuada para este tipo de vía, peonil e con tráfico de servizo.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliabile economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, e dado que a Sra. Nogueira non presenta testemuñas presenciais dos feitos, o instrutor dirixiuse tanto á Policía Local como a Xefatura do Corpo Nacional de Policía reclamando os partes de servizo derivados da asistencia á Sra. Nogueira con ocasión do accidente. Sen embargo, tanto os axentes do Corpo Nacional de Policía como os da Policía Local acudiron ó lugar dos feitos con posterioridade ós mesmos e se limitan a recoller as manifestacións da reclamante, non poden dar fe nin do lugar onde ten acaecido nin das causas da mesma. Así, aínda que na rúa onde aconteceu a caída hai unha lousa fora de rasante non quedou probado que esta fora a causa da mesma. Á vista destes datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida de que a Sra. Nogueira caeu e se mancou nos beizos, dato confirmado nos partes policiais e no posterior informe de asistencia sanitaria, no entanto, non é posible establecer un nexos de causalidade entre esta caída e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Ermitas Nogueira Otero en data 7 de xullo de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(601).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE AUTOMÓVILES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1511/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

A mutualidade MAPFRE AUTOMÓVILES, en nome e representación de D. Gerardo Freiria Martínez e D. Ramón Ferreira Pichel, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de marzo de 2007, polos danos e perdas derivados dun accidente sufrido o día 10 de xaneiro de ese mesmo ano, mentres D. José Rosendo Martínez Corujeira circulaba pola rúa Ferreira, á altura do número 40, co vehículo propiedade da mercantil SERMAIN S.L. da que os reclamantes son representantes legais, matrícula 1555-CVS, como consecuencia da existencia dunha focha na calzada.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 10/01/2007*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/07/2007.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2007, manifestando que os prezos contidos nas facturas de reparación presentadas polo reclamante son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 09/10/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- O primeiro requisito para apreciar a responsabilidade patrimonial da Administración é a existencia dun dano. Sen embargo, no caso que nos ocupa, se ben o reclamante alega presuntos danos no seu vehículo que xustifica coa presentación dunha factura de reparación dos mesmos nun taller mecánico, do parte de servizo elaborado pola Policía Local con ocasión do presunto accidente non se deduce claramente a existencia destes danos. Do exame da factura se desprende que a reparación consistiu na substitución de dous neumáticos e as súas correspondentes válvulas, e no informe policial non consta que o vehículo tivese danados os mesmos. Os axentes actuantes non describen ningún dano no vehículo, se limitan a recoller as manifestacións do condutor que di que “el vehículo hace un ruido extraño en la parte trasera derecha” e a facer constar o mal estado da calzada.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre os presuntos danos e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a

Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter danado o seu vehículo por mor do mal estado calzada, circunstancia esta corroborada pola Policía Local.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ós diferentes servizos municipais, a Vías e Obras para constatar o estado da vía; á Policía local, reclamando o parte do servizo e ó Parque Móbil, por se o vehículo fora presentado nas súas instalacións con ocasión do accidente e tivera constancia dos presuntos danos. No entanto, os axentes da Policía Local acudiron ó lugar dos feitos á instancia do condutor do vehículo, e se limitan a recoller as manifestacións do mesmo e facer constar o mal estado da calzada, pero non presenciaron accidente ningún nin apreciaron danos no vehículo. O vehículo tampouco foi presentado nas instalacións do Parque Móbil, polo que este servizo non ten constancia da existencia de danos relacionados co presunto accidente. SERMAIN S.L. como proba dos feitos se limita a presentar a factura de reparación do seu vehículo nun taller mecánico, elemento que so proba que nesa data lle foron substituídos dos neumáticos pero non determina outros danos, que de existir tampouco poderían ser vinculados ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal.

A vista destes datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida do mal estado da calzada na rúa Ferreira na data do accidente non existe proba ningunha dos presuntos danos nin da súa conexión causal co funcionamento do servizo público municipal.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por MAPFRE AUTOMÓVILES, en nome e representación da mercantil SERMAIN S.L. en data 20 de marzo de 2007, por non resultar probada a existencia dos danos alegados nin a súa conexión causal co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(602).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANA M^a PUJALES ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1513/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. Ana M^a Pujales Estévez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de marzo de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 9 de marzo do mesmo ano cando cruzaba o paso de peóns da rúa Poeta Añón, por mor do mal estado do pavimento da calzada.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/03/2007.*
- Informe da Xefatura da Policía Local, de data 11/05/2007.*
- Práctica de proba testifical, en data 26/10/2007.*
- Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 24/08/2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 13/11/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residencial no patrimonio da Sra. Pujales, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Se ben é preciso facer constar que existe unha discrepancia entre a reclamante e a Administración en punto a valoración dos danos. Se ben a Sra. Pujales en trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade co ditame de valoración do dano corporal elaborado pola Asesoría médica do Concello no tocante os días de incapacidade temporal, en cambio discrepa na valoración das secuelas. Mentres que no ditame médico elaborado a instancias da Administración se lle recoñece a secuela de prexuízo estético lixeiro que o Dr. Guillén valora nun punto, a Sra. Pujales estima que procede apreciar ademais de esta secuela, que valora en tres puntos, a de fractura do nariz con desviación de tabique nasal, que valora en catro puntos. A informante, á vista do certificado médico oficial achegado ó expediente pola reclamante no que non se fan constar secuelas, única documentación médica existente no mesmo ademais do parte de asistencia no servizo de urxencias con ocasión do accidente, conclúe que de ser estimada a reclamación non procede apreciar secuelas. Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Pujales vamos a examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o

recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois a causa da súa caída estima que foi o mal estado do pavimento da calzada, circunstancia esta corroborada tanto na proba testemuñal como polo Servizo de Vías e Obras municipal.

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexos de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, apreciase nas fotografías que obran no expediente que a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Tamén corrobora este dato o feito de que polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que o defecto non é de difícil percepción para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Así, nin o servizo de vías e obras nin as testemuñas presenciais, que viven na zona, teñen noticia doutras caídas no mesmo lugar. Tampouco no Departamento de Patrimonio se ten constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta ostensibilidade no tocante a presenza de fochas na calzada e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Pujales non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Neste senso, a testemuña número dous manifesta, o ser preguntada polo instrutor sobre “cal foi o feito causante da caída” resposta “la señora venía de Pescadores, vio el autobús, se apuró y cayó”. Ó apurarse a Sra. Pujales perdeu o control e caeu. Trátase polo tanto dun accidente, dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexos causal. É de reseñar tamén o dato de que a reclamante reside na mesma zona, polo que non é difícil supor que coñecía o mal estado do paso peonil e a necesidade de extremar a precaución ó atravesalo. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Ana M^a Pujales Estévez en data 21 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(603).- RECLAMACIÓN DE D. COSTÍN BALCA BALCA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1508/243. RESPONSABLE IMES S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

AMIC, Seguros generales, no nome e representación de don Costín Balca Balca presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de marzo de 2007, por canto o día 15 de xaneiro do mesmo ano estando o vehículo propiedade do reclamante, con matrícula 4252-BMP, aparcado na rúa Pereiro, éste sufríu danos por mor dun farol que ardiu.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local, de data 15.1.2007, dos axentes que acudiron ó lugar do incidente.
- Informe dos Servizos Electro-Mecánicos de data 18.10.2007, indicando que tralo aviso da Policía Local, personouse no lugar onde o farol ardía unha patrulla da empresa concesionaria de mantemento do alumado público, IMES-API, S.A. para a retirada da luminaria, observando que causaba danos ó vehículo do reclamante.
- Informe do Servizo do parque móbil de data 26.10.2007 sobre os prezos de reparación do vehículo.
- Evacuouse trámite de audiencia á concesionaria do Servizo de alumado público, IMES, S.A. en data 22.11.2007, que non fai alegacións
- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante en data 22.11.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Do parte de servizo da Policía local de Vigo así como do informe do Servizo de Electro-Mecánicos que hai no expediente, resulta acreditado que o vehículo propiedade de don Costin Balca Balca, con matrícula 4252-BMP resultou danado o día 15 de xaneiro de 2007, cando se atopaba estacionado na rúa pereiró, por mor do cortocircuito que se produxo no interior da luminaria dun farol que había no lugar, xa que ó arder as suas partes plásticas derritíronse e gotearon sobre a chapa do mencionado vehículo. Os prezos da reparación do vehículo, por un importe de 1.343,05 euros estimáronse correctos polo Servizo de parque móbil.

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de (artigos 25.2.1) e 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo que resulta obrigada ó seu mantemento. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

A Xunta de Goberno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 13 de marzo de 2006, adxudicou a IMES, S.A. o concurso para a xestión do Servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumado público do Concello de Vigo, de acordo co prego de condicións aprobado por acordo de 14 de novembro de 2005, por un prazo de oito anos a contaren dende o día 1 de maio de 2006.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais, e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte co artigo 123 da mesma lei, que di que “cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a que resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- De conformidade coa fundamentación anterior, neste suposto resultando acreditado un dano, e que éste o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público, o de alumeado público, é polo que procede estimar a reclamación presentada, correspondendo responder dela á concesionaria de dito servizo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Costin Balca Balca.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á IMES, S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de alumeado público, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 1.343,05 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(604).- RECLAMACIÓN DE Dª. MÓNICA MASCHERPA LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1520/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

Dª. Mónica Mascherpa López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de marzo de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 20 de xuño de 2006 cando camiñaba pola rúa Jenaro de la Fuente, á altura da rotonda que comunica esta rúa coa Travesía de Vigo, por mor da falla dunha lousa na beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/04/2007.
- Práctica de proba testifical, en data 27/06/2007.

- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 24/08/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 18/09/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Mascherpa, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Se ben é preciso facer constar que a reclamante alega, por un lado, lesións no xeonllo e na man esquerdos, danos dos que non existe dúbida por canto constan no parte de asistencia no servizo de urxencias o mesmo día do accidente, e polo outro lado, unhas lesiones bucais, que non aparecen recollidas no devandito parte, e que avala cun informe do seu dentista datado o mesmo día do accidente. Sen embargo, segundo unha das testemuñas, amigo do fillo da Sra. Mascherpa, no momento do accidente se atopaba con este nunha cafetería esperando a súa nai que acudira o dentista, dato que nos induce a pensar que estas lesións xa existían no momento da caída.

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Mascherpa procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi a falla dunha lousa na beirarrúa da rúa Jenaro de la Fuente, dato este que se aprecia nas fotografías obrantes no expediente e corroborada polo Servizo de Vías e Obras municipal ó realizar a inspección ocular do lugar do accidente.

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente e citou as testemuñas presenciais dos feitos propostas pola Sra. Mascherpa. Resultando que as testemuñas no momento da caída atopábanse nunha cafetería esperando á Sra. Mascherpa que acudira ó dentista, polo que non presenciaron a caída, senón que socorron á reclamante con posterioridade. Tampouco na Xefatura da Policía Local teñen noticia do presunto accidente. Á vista destes

datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida da caída da Sra. Mascherpa, tras a proba practicada durante a instrución do expediente non é posible determinar que a mesma se debese a falla dunha lousa na beirarrúa, tal e como afirma a reclamante, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo viario municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Mónica Mascherpa López en data 26 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(605).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA MARCELINA MÍGUEZ ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1431/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Maria Marcelina Míguez Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 2 de febreiro de 2007, no que expón que o día 4 de abril de 2006, cando se dirixía ó seu domicilio, sufriu unha caída na rúa Serafín Avendaño entre os números 2 e 4 ó atoparse o firme sen lousas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 7.2.2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do Servizo da Policía local de 22.2.2007, consonte non teren constancia dos feitos polos que se reclama.*
- *Práctica de proba testemuñal ás persoas propostas pola reclamante en data 13.4.2007.*
- *Informe do Servizo de electromecánicos de data 2.5.2007 sobre a iluminación da zona onde ocorreu o accidente.*
- *Ditame de data 24.9.2007 para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello.*
- *Evacúouse trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en datas 24.5.2007, 29.5.2007, e 25.10.2007..*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A carga da proba dun dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, do exame do expediente, resulta que:

. O día 4 de abril de 2006 dona Maria Marcelina Míguez Álvarez caeu entre os números 2 e 4 da rúa Serafín Avendaño, da mesma rúa, ó tropezar no oco da falta dunha lousa na beirarrúa. O suceso tivo lugar ó carón do seu domicilio, que se atopa no número 2 da mesma rúa

. A reclamante, a consecuencia de dita caída, recibiu asistencia médica no Servizo de Urgencias do Hospital xeral de Vigo na mesma data, presentando lesións consistentes nunha fractura do úmero esquerdo. Ós efectos de valorar o dano corporal solicitouse informe ó respecto á Asesoría médica do Concello, que consonte co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación á ésta resolución. Neste informe se valoran as lesións padecidas pola reclamante en 6.879,18 euros, que inclúen 2 puntos por secuelas, toda vez que o médico informante di que: “La citada lesionada permaneció de baja 181 días de los cuales, en mi opinión, los 42 días que transcurren desde la fecha del accidente (04/04/06) hasta la retirada del yeso (16/05/06) serían de Incapacidad Total y los 132 días restantes hasta el alta de Incapacidad Parcial, restando al alta las siguientes secuelas: Omalgia y Limitación de la rotación interna. La valoración de secuelas se basa en el informe de alta del Dr. Uriarte”. En trámite de audiencia a reclamante maniféstase disconforme coa valoración por secuelas, entre outros, pero o certo é que non se xustifica adecuadamente unha ponderación superior, e procede ter en conta que a reclamante non traballa polo que non resulta afectada a súa capacidade laboral por este motivo.

Terceiro.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do exáme do expediente resulta que os defectos na beirarrúa eran visíbeis por canto o Servizo de vías e obras informa que éstes, que tiñan unha dimensión de 0,30 x 0,30 metros, eran visíbeis a 5 metros

Non obstante, as condicións lumínicas e a visibilidade no lugar cando tiveron lugar os feitos son un punto discutido no expediente. Resulta acreditado que nese momento era de noite e choiviscaba un pouco. Dous das tres testemuñas, e concretamente as que non coñecían á reclamante, por canto a terceira é veciña dela e do lugar, a preguntas da técnica de Administración, indican que veíase que faltaba unha ou dous lousas, que a visibilidade era reducida por ser de noite pero que tampouco estaba escuro porque alí había luces de unha delas, e a outra que a visibilidade era normal. A preguntas da parte reclamante as tres declaran posteriormente que a visibilidade era reducida polas circunstancias meteorolóxicas e o lugar. É por isto que solicitouse informe o Servizo de Eelectromecánicos sobre as condicións lumínicas da zona onde ocorreu o accidente, e iste indica que a iluminación é suficiente e a adecuada para este tipo de vial. Por outra banda, considérase que a circunstancia do lugar onde se atopa a falta da lousa na beirarrúa, contrariamente ó que di a reclamante, non incide na súa maior ou menor visibilidade por canto atópase no chan, e non nun bordo deste, e xa se tivo en conta no informe citado. Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta, e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, concretamente a caída prodúcese diante da súa casa, por canto tivo lugar entre os números 2 e 4 da rúa Serafín Avendaño, e ela reside no núm. 2.. Tiña polo tanto que ser coñecedora do mal estado da beirarrúa. Polo que consonte coa doutrina indicada e resultando tales defectos visíbeis e non ocultos pódese dicir que houbo unha falla de dilixencia no control na propia deambulacón da reclamante, por depide o calquera outra circunstancia, o que propiciou a súa caída.

Non obstante hai unha circunstancia que consta no expediente que atempera en parte o anterior: que é, que segundo unha das testemuñas outra persoa caera no lugar.

En conclusión, esta circunstancia, xunto á que os feitos tiveron lugar cando era de noite e que aínda que os defectos veíanse, poidera ser que de xeito algo reducido, fan que resulte de aplicación neste suposto a xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 22/07/1998, entre outras), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde), ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Quinto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, estimando que lle corresponde nese concepto á reclamante un 70%, e á Administración un 30% da valoración da indemnización por danos corporais, polo que procede indemnizar á solicitante cun total de 2.063,75 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Maria Marcelina Míguez Álvarez por unha caída ocorrida o día 4 de abril de 2006 entre os números 2 e 4 da rúa Serafín Avendaño, e indemnizala coa contía de 2.063,75 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(606).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. TERESA IGLESIAS DEVESA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE RECLAMACIÓN DE DANOS. EXPTE. 565/243.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).

- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dª Teresa Iglesias Devesa presentou reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de abril de 2005, polos danos e perdas consecuencia dunha caída acaecida o día 1 de agosto de 2004, camiñando polo paseo da praia de Samil, por mor do mal estado do pavimento. Esta reclamación foi resolta pola Xunta de Goberno Local en data 10 de xullo de 2006. Nesta resolución se acordou:

- “1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª Teresa Iglesias Devesa.
- 2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a CESPA S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 959,46 €”.

Esta resolución lle foi notificada á interesada en data 10 de agosto de 2006.

Segundo.- A Sra. Iglesias en escrito de data 1 de setembro de 2006 insta desta Administración que se inicien os trámites administrativos oportunos ó obxecto de acadar o cumprimento deste acordo. Posteriormente, en escrito de data 8 de setembro do mesmo ano, interpón recurso de reposición contra o mencionado acordo, do que se lle da traslado a CESPA S.A.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os interesados poden recorrer potestativamente en reposición os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña ditado. Este recurso deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da LRJAP (artigo 116 LRJAP). Sendo o prazo para a súa interposición de un mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 117 LRJAP).

Resultando que a resolución recorrida foi notificada á Sra. Iglesias en data 10/08/06 e que o recurso foi interposto en data 08/09/06, este foi presentado en prazo, polo que procede a súa admisión.

Segundo.- Na alegación primeira a recorrente discute o quantum indemnizatorio fixado no acordo recorrida. Sen embargo, hai que ter en conta que unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, ex artigo 84 LRJAP, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, en un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Sendo así que obrando no expediente un informe de valoración dos danos elaborado pola Asesoría médica do Concello, que foi o que se utilizou para calcular a indemnización, a Sra. Iglesias non formulou ningunha obxección ó mesmo nas súas alegacións. Temos que engadir ademais que unha vez lle foi notificada a resolución recorrida, a interesada solicitou o seu cumprimento, en escrito de data 01/09/06, acción que implica a súa aceptación do acordo da Xunta de Goberno Local, polo que non se entende a interposición do recurso sete días máis tarde, o que supón unha contradición. Dado que o quantum indemnizatorio non se discutiu no trámite procesual oportuno, o trámite de audiencia previo á resolución, non procede discutilo en sede de recurso, polo que esta alegación non pode prosperar.

Terceiro.- Na segunda das súas alegacións a Sra. Iglesias discute a concorrencia de culpas que se apreciou na resolución recorrida. Alega que o feito de que a zona en mal estado fora perfectamente visible non implica que caera deliberadamente. Efectivamente, nesta resolución se establece que sendo regra xeral esixir ós viandantes circular con dilixencia como concreción da regra do control da propia deambulacón, e tendo en conta as circunstancias concorrentes no caso: o feito de que era de día e había boa visibilidade no momento do accidente, e o dato de que a reclamante é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, se conclúe que “a negligencia da vítima interferiu no

nexo causal, polo que procede apreciar unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a mercantil CESP, responsable do mantemento da zona". En ningún momento na resolución se fala de intencionalidade, como parece creer a recorrente.

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexo de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, foi probado cumpridamente no expediente que a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Este dato, que se desprende dos informes dos servizos municipais, foi corroborado na proba testemuñal practicada polas testemuñas presenciais dos feitos, filla e amiga respectivamente da recorrente. Destas declaracións se deduce que a Sra. Iglesias camiñaba polo paseo charlando cunha amiga, unha das testemuñas, o que pode influír no feito de que non controlara adecuadamente o seu deambular e propiciou a súa caída, a cal se debeu a un despiste. Á vista destes datos, non procede apreciar esta alegación.

Cuarto.- Na última das alegacións formuladas no escrito de recurso a Sra. Iglesias manifesta que ó imputarlle a responsabilidade dos feitos a CESP, en aplicación do artigo 97 LCAP o Concello esta eludindo a súa responsabilidade por culpa in vigilando, e estima que o procedente é que esta Administración aboe a indemnización correspondente. No ámbito da contratación administrativa o contratista ten a obriga, por imposición legal, de indemnizar os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato (artigo 97 LCAP), obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputables á Administración (artigo 161.c LCAP). Esta obriga é reiterada no Prego de condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, que rixe a relación contractual de CESP co Concello de Vigo (punto 19, apartado C). En aplicación destes preceptos, o órgano resolutorio lle imputou a responsabilidade dos danos á mercantil CESP. E a recorrente non indica ningunha circunstancia que exima a esta entidade da súa responsabilidade polo defectuoso mantemento da zona onde ocorreu a caída, incluída no ámbito do contrato de conservación e reposición de zonas verdes, polo que procede tamén a desestimación desta alegación.

En mérito ó exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Desestimar o recurso de reposición interposto por Dª. Teresa Iglesias Devesa, con data 08/09/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(607).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR UTE CONTENUR-OTTO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE RECLAMACIÓN DE DANOS FORMULADA POR D. ALFONSO DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 1047/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concesionaria U.T.E. CONTENUR-OTTO interpón o 31 de outubro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 1 de outubro de 2007, que lle foi notificada en data 22 do mesmo mes e que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Alfonso Domínguez Rodríguez declarou que a responsabilidade dos danos reclamados por mor dun colector de lixo movido polo vento lle correspondía, e tendo que indemnizar á reclamante na contía de 612,48 euros.

Terceiro.- Do recurso interposto deúselle traslado á reclamante , que fixo alegacións opoñéndose a él mediante escrito de data 28 de novembro de 2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.-

O recurso fundaméntase sintéticamente en: reitérase no contido dos seus anteriores escritos por canto di non hai proba ningunha dos feitos e que o colector contrariamente ó indicado non carecía de sistema de freado sen que o parte da policía local indique que carecera do sistema de freado ou estivera estropeado, e que os colectores subministrados ó Concello están homologados e cumpren tódolos requisitos de estabilidade e seguridade polo que de atoparse debidamente freado non é posibel que o colector se desprace por si mesmo ou polo vento; tamén que esa concesionaria non manipula a diario os colectores cosa que si fai outra concesionaria, e que as súas obrogas son as de repara e repoñer os colectores, así como lavalos e desinfectalos.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, e consta claramente no parte de servizo da Policía Local que acudiu ó lugar que: "observando como contra la parte trasera de éste (el vehículo) se encontraba un contenedor de recogida de basuras, comprobando que no tenía ningún sistema de frenado en las ruedas", esto é como o colector de lixo carecía de sistema de freado.

E así, o Consello consultivo de Galicia en reiterados ditames, e en supostos similares nos que foi a Policía local a que observou o colector sen sistema de freado e os danos causados (ditame 319/2007), estima a responsabilidade da concesionaria por ditos danos, e isto pola inexistencia no colector dos medios de suxección adecuados que impedisen o seu desprazamento como causa directa deles, naqueles supostos nos que non resulte acreditada negligencia do reclamante, intervención dun terceiro ou forza maior.

Resulta polo tanto procedente confirmar a resolución que se recorre.

Carto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E. CONTENUR-OTTO. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 1 de outubro de 2007 que estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Alfonso Domínguez Rodríguez lle declarou responsabel dos danos padecidos no seu vehículo a consecuencia dun colector de lixo desprazado polo vento, tendo que indemnizarlle na contía de 612,48 euros, e confirmala na súa integridade".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(608).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O ANO 2008. EXPTE. 4210/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.04.08 e de acordo co informe-propostasda xefa de Patrimonio Histórico, do 19.02.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2008.

2º.- Aprobar o gasto de 96.162 euros, con cargo á partida 4531.4890000 do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO

Vigo, a de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D. Santiago Domínguez Olveira, Tenente Alcalde do Concello de Vigo, en representación do mesmo.

E doutra, D. Olimpio Liste Regueiro, presidente da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, en representación da mesma.

EXPOÑEN

1.- A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo conta, conforme á súa Acta Fundacional, como Fundadores ó Concello de Vigo e a D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera.

2.- A Fundación foi clasificada de Interese Cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999.

3.- As súas finalidades prioritarias son a promoción e difusión do Patrimonio etnográfico galego e a xestión do Museo Etnográfico de Vigo, e para o seu cumprimento, o 17 de novembro de 2000 asinouse entre o Concello de Vigo e a Fundación un convenio-marco no que se comprometía unha aportación económica anual do Concello de Vigo á Fundación ata fins de 2003 de xeito que se garantizaba o seu normal funcionamento.

4.- Dende o ano 2000 vense desenvolvendo con normalidade a actividade da Fundación e do Museo Etnográfico Liste de Vigo, que se sitúa nunha edificación de propiedade municipal cedida temporalmente á Fundación, situada na rúa Pastora, 22.

5.- Dende a súa creación, a Fundación ven conquirido distintas aportacións económicas doutras entidades públicas e privadas, aínda que o soporte económico procedente do Concello de Vigo segue a ser vital para o cumprimento das súas finalidades e o desenvolvemento do proxecto cultural que representa.

6.- Dende o ano 2007, as actividades da Fundación ampliáanse á investigación e recuperación do noso patrimonio etnográfico, e a promover o interese polo seu coñecemento.

7.- O texto do Convenio de 2007 prevía na súa cláusula sétima a súa prórroga, renovación ou modificación a partir do remate do ano 2007, por acordo expreso entre as partes asinantes, e rematado o período de compromiso recollido naquel Convenio, ámbalas partes entenden a conveniencia de renovalo.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio consiste en garantir o normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, a través da aportación económica do Concello de Vigo.

Segunda. FINANCIAMENTO.

O importe da aportación municipal será de 96.162 euros.

O financiamento farase con cargo á partida de gastos 4531.4890000 “Aportación á Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo” do Servizo de Patrimonio Histórico no orzamento de 2008.

Terceira. OBRIGAS DA FUNDACIÓN.

- *Cumprir coas finalidades fundacionais recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.*
- *Establecer a entrada gratuíta ó Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de Centros educativos do termo municipal de Vigo.*
- *Colaborar co Concello de Vigo no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico.*
- *Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula quinta deste Convenio.*

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

- *Aportar á Fundación a cantidade recollida na cláusula segunda deste convenio.*
- *Colaborar coa Fundación no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a colaboración cos servizos e equipamentos municipais relacionados coa etnografía.*
- *Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula quinta deste Convenio.*

Quinta. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento deste convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e pola Fundación.

As características desta Comisión son as seguintes:

- *Servir de comisión de seguimento do cumprimento do estipulado neste Convenio.*
- *Establecer mecanismos de coordinación coas entidades que traballan no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico, e moi en especial co Centro de Artesanía Tradicional e a Casa do Cesteiro, equipamentos municipais encargados da promoción, divulgación e investigación dos oficios tradicionais de Galicia.*
- *Propoñer ós órganos que correspondan do Concello de Vigo e ó Patronato da Fundación novas iniciativas no eido da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.*

Sexta. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN.

O pagamento farase do xeito seguinte:

- *O 50% do importe total (48.081 euros) á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, obxecto do presente convenio, e previa certificación favorable do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello.*
- *O 50% restante (48.081 euros), unha vez presentado os seguintes documentos:*
 - *aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2007,*
 - *aprobación dos seus orzamentos de 2008 e*

- acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

A xustificación desta subvención por parte da Fundación deberá comprender a documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á mesma, así como unha memoria das actividades realizadas, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións .

Esta documentación deberá presentarse no prazo máximo de tres meses, a contar dende a data de finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada.

O Servizo de Patrimonio Histórico será o encargado de certificar a adecuada xustificación da subvención, así como o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión.

Sétima. VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2008, aínda que pode ser prorrogable, renovable ou modificable no seu contido, duración e contía, por acordo expreso entre as partes asinantes, a partir do remate do ano 2008.

Oitava. RÉXIME XURÍDICO

Serán de aplicación ó presente convenio as normas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 32), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 33), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, no non previsto no convenio, as restantes normas da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio no lugar e datas indicadas no encabezamento.

37(609).- PRÓRROGA POLO PERÍODO DUN ANO DO CONTRATO EN PRÁCTICA DUN AUXILIAR DE LABORATORIO. EXPTE. 18168/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do 15.04.08, que di o seguinte:

Antecedentes .

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 22 de xaneiro de 2007, adoptou acordo aprobando as bases de selección para a contratación laboral temporal en prácticas dun/dunha auxiliar de laboratorio (expte. 1502/220), debidamente publicadas no BOP de Pontevedra, de 19 de febreiro de 2007.

Realizado o correspondente proceso selectivo, e a proposta do tribunal cualificador, acordouse por resolución da Alcaldía de 19 de abril de 2007, a contratación do aspirante D. Aníbal Martínez Suárez, con efectos de data de 24 de abril seguinte e polo periodo dun ano, prorrogable por outro mais.

O Director do Laboratorio Municipal, de data 3 de marzo de 2008, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, solicita a prórroga do referido contrato en prácticas, por persistir as circunstancias que motivaron a referida contratación.

O Concelleiro-delegado da área de xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14 de abril de 2008, autorizou a ésta Unidade de Persoal á tramitación do correspondente expediente para a súa remisión a Xunta de Goberno Local ós efectos de proceder a formalizala referida prórroga.

A normativa aplicable para estas contratacións en prácticas está representada polo Real Decreto 488/1998, do 27 de marzo, que desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores, en materia de contratos formativos, sendo os aspectos máis relevantes os seguintes:

- a) Poderá concertarse con quen estivera en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos catro anos seguintes á terminación dos estudos, neste caso Técnico Superior de Formación Profesional Reglada, da formación específica, sendo equivalentes as anteriores ós títulos de Técnico Auxiliar (FP1) e Técnico Especialista (FP2).
- b) O posto de traballo deberá permiti-la obtención da práctica profesional axeitada ó nivel de estudos cursados.
- c) A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.
- d) O período de proba non poderá ser superior a dous meses, para o caso de titulados superiores, e dun mes para titulados de grao medio (Diplomados e técnicos de formación profesional reglada).
- e) A retribución do traballador non poderá ser inferior ó 60 % durante o primeiro ano, nin inferior ó 75% para o segundo ano de vixencia do contrato, do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo.

En consecuencia, vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local obtema, es artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de Decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, polo funcionario que subscribe, previo informe da Intervención xeral, elévase a súa consideración a seguinte proposta de acordo :

“Unico.- Autoriza-la prórroga por un periodo de doce meses do contrato en prácticas subscrito en data 24 de abril de 2007 polo periodo dun ano, co Auxiliar de Laboratorio D. ANÍBAL MARTÍNEZ SUÁREZ, con NIF 36.169.179-T, nº persoal 80437, con efectos a partir do vindeiro 24 de abril de 2008 e, extendéndose a mesma ata o 23 de abril de 2009“.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(610).- ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A OFICIAIS CONDUCTORES DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2008. EXPTE. 18159/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do 3.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acredores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros

do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 3 de abril de 2008, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento (Base 14).

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrucción 3ª j), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,03 € hora normal e de 6,59 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.111,25 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, por un importe total de 859,61 €.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, A SEGUINTE PROPOSTA:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante o primeiro trimestre de 2008:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 2.111,25 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 859,61 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(611).- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL Á FUNCIONARIA D^a. M^a JOSÉ LOUREIRO BADA. EXPTE. 18150/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.04.08, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 7.04.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, 3 de abril de 2008, D^a M^a José Loureiro Bada, funcionaria de carreira desta administración con praza de técnico de administración xeral, actualmente desenvolvendo o posto de Adxunta xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, solicita o recoñecemento o grao persoal correspondente ao complemento de destino 28.

Fundamentos Xurídicos

I.- *De conformidade co establecido nas Disposicións derogatoria única, apartado b) e final cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do vénres 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/ 1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos se atopa diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, parece procedente efectuar unha aplicación directa do art. 62 da lei 11/1988, do 26 de maio da Función pública de Galicia, na redacción dada pla Lei 3/1995, do 10 de abril, e Lei 13/2007, do 27 de xullo, onde se establece a consolidación do grao persoal polo desempeño de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción.*

II.- *Asemade, o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais.*

III.- *Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, en redacción dada pola Lei 57/20093, do 16 de decemrbo de medidas para a modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización, elevando á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

Recoñecer a Dª Mª José Loureiro Bada (nº pesoal 78248), funcionaria de carreira desta administración con praza de técnico de administración xeral e posto de Adxunta xefe do servizo de Disciplina Urbanística por resolución de 25 de maio de 2005, o grao persoal correspondente ao complemento de destino 28, por ter desenvolvido durante máis de dous anos continuandos dito posto, posto superior en dous niveis ó grao inicial (26).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(612).- CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DE DOUS AUXILIARES DE LABORATORIO. EXPTE. 18158/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do 8.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 22 de xaneiro de 2007, adoptou acordo aprobando as bases de selección para a contratación laboral temporal en prácticas dun/dunha auxiliar de laboratorio (expte. 1502/220), debidamente publicadas no BOP de Pontevedra, de 19 de febreiro de 2007.

Realizado o correspondente proceso selectivo, e a proposta do tribunal cualificador, acordouse por resolución da Alcaldía de 19 de abril de 2007, a contratación do aspirante D. Aníbal Martínez Suárez, con efectos de data de 24 de abril seguinte.

O Director do Laboratorio Municipal, de data 23 de xaneiro de 2008, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, manifesta a necesidade de efectuar unha contratación de dous/dúas auxiliares de laboratorio baixo a modalidade de contratación en prácticas, para acometer todos os traballos do Servizo, toda vez que o remate do primeiro semestre do presente ano, rematan o seu contrato as dúas auxiliares de laboratorio contratadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2006.

O Concelleiro-delegado da área de xestión Municipal, mediante instrucción de servizo de data 1 de abril de 2008, autorizou a ésta Unidade de Persoal á tramitación do correspondente expediente para a súa remisión a Xunta de Goberno Local ós efectos de proceder a contratación do referido persoal.

A normativa aplicable para estas contratacións en prácticas está representada polo Real Decreto 488/1998, do 27 de marzo, que desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores, en materia de contratos formativos, sendo os aspectos máis relevantes os seguintes:

- a) *Poderá concertarse con quen estivera en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos catro anos seguintes á terminación dos estudos, neste caso Técnico Superior de Formación Profesional Reglada, da formación específica, sendo equivalentes as anteriores ós títulos de Técnico Auxiliar (FP1) e Técnico Especialista (FP2).*
- b) *O posto de traballo deberá permiti-la obtención da práctica profesional axeitada ó nivel de estudos cursados.*
- c) *A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.*

- d) O período de proba non poderá ser superior a dous meses, para o caso de titulados superiores, e dun mes para titulados de grao medio (Diplomados e técnicos de formación profesional reglada).
- e) A retribución do traballador non poderá ser inferior ó 60 % durante o primeiro ano, nin inferior ó 75 % para o segundo ano de vixencia do contrato, do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo.

Polo exposto, e ante a urxencia do persoal de referencia, procede esgotar a lista de persoas que aprobaron as probas selectivas para a súa contratación e que cumpren todos os requisitos nas bases establecidas, que resultan ser D. Félix Padín Cardalda, D.N.I. 35.474.597-H e D^a. Josefa Domínguez Bastos, D.N.I. 36.136.267-R, aceptando ambosdous aspirantes a contratación proposta.

Antecedentes

Consecuentemente deben darse por cumprimentados os principios de publicidade, mérito e capacidade que rexeron o proceso selectivo oportunamente convocado, polo que se propón á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral e da Unidade de Persoal, a adopción do seguinte acordo :

“Primeiro.- Autoriza-la contratación de D. FELIX PADÍN CARDALDA, con NIF 35.474.597-H, baixo a modalidade dun contrato laboral en prácticas como auxiliar de laboratorio, con efectos a partir do vindeiro 9 de xuño de 2008.

Segundo.- Autoriza-la contratación de D^a. JOSEFA DOMÍNGUEZ BASTOS, N.I.F. 36.136.267-R, baixo a modalidade dun contrato laboral en prácticas como auxiliar de laboratorio, con efectos a partir do 16 de xullo de 2008.

Con carácter previo á contratación acreditaranse os requisitos documentais de titulación esixidos na correspondente convocatoria.

A duración do contrato será dun ano, prorrogable por outro e o período de proba será dun mes, rexíndose polo disposto no Real Decreto 488/1998, do 27 de marzo, que desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos.

Durante o desenvolvemento do contrato as traballadoras percibirán o 60 % das retribucións do posto, durante o primeiro ano e o 75% durante o segundo en relación ao salario fixado para un empregado municipal que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo nesta Administración “.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(613).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. Expte.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 22.02.08, o informe de fiscalización, do 28.02.08, e os informes do superintendente-xefe da Policía Local, do 10.03.08 e do 14.04.08, conformados polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, que de seguido se transcribe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE VIGO

A Estrada, de de 2008

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Carlos Suárez-Mira Rodríguez, Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en virtude das facultades outorgadas no artigo 12 da lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Xulio Calviño Rodríguez, Concelleiro Delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade do Concello de Vigo, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a delegación da Alcaldía.

EXPOÑEN

I.- Que conforme á Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP) -artigos 1, 4.2 e 5.2-, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ten encomendada, entre outras funcións, a de “elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización” e a de “promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional”.

II.- Que conforme os artigos 137 e 140 da Constitución Española, e artigos 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os Concellos son entidades locais territoriais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o Concello de Vigo dispón de Corpo de Policía Local e dunha Academia de Formación, que realiza unha labor docente complementaria da exercida pola AGASP e con capacidade de organización e infraestructuras para acoller nas súas actividades de formación a membros doutros corpos policiais.

Que o artigo 57 da devandita Lei 7/1985 contempla o Convenio como un dos instrumentos de cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras do principio de eficacia que debe presidir as actuacións administrativas, ambas partes consideran necesario cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento dos membros da Policía Local, pois brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.

Que convencidos do interese público e común desa cooperación, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a AGASP e o Concello de Vigo a través da Academia de Formación da súa Policía Local para a formación dos Corpos de Policía Local.

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional para as Policía Locais e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación.

A tal efecto organizaranse, durante o ano 2008, 10 cursos de 20 horas cada un.

SEGUNDA: Organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e accións formativas deberá axustarse ás regras seguintes:

- 1.O deseño, estrutura, obxectivos, contidos, lugar de desenvolvemento e as datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.*
- 2.A AGASP aportará a súa infraestructura organizativa e medios.*
- 3.A AGASP realizará a convocatoria dos cursos no DOG, facendo constar a colaboración co Concello de Vigo, que pola súa parte pode así mesmo publicitalos do xeito que estime oportuno.*
- 4.As solicitudes de participación dirixiranse ao centro que se mencione na convocatoria do curso.*

O 50% das prazas ofertadas, como mínimo, reservarase para os membros do Corpo da Policía Local de Vigo e o resto das prazas, e as non cubertas dentro dese cupo, serán para os membros doutros corpos de policía local. A selección realizarase tendo en conta a proximidade xeográfica e de acordo aos demais criterios empregados pola AGASP nos seus procesos de selección.

TERCEIRA: Profesorado, aulas e locais.

De forma conxunta decidiranse a selección e contratación dos profesores. As clases impartiranse nas instalacións da Academia de Formación da Policía Local de Vigo ou noutras instalacións que decidan ambas partes.

CUARTA: Seguimento, coordinación e control das actividades formativas.

A Academia de Formación da Policía Local de Vigo asume o control das accións formativas, especialmente da asistencia dos alumnos ás clases e da atención aos docentes.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo Alcalde de Vigo ou Concelleiro-Delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e polo Director xeral da AGASP.

As certificacións que poidan requirir os docentes ou alumnos sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderá ser expedida por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

QUINTA: Financiación e xestión económica das actividades formativas.

O pago de docentes, horas lectivas e axudas de custo, coordinación e outros gastos, corresponderá ao Concello de Vigo e á AGASP:

- O Concello de Vigo financiará 6 cursos ou actividades formativas coa cantidade máxima de 7.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 222.2.162.00.00 e de 300 € con cargo á aplicación orzamentaria 222.2.231.00.00.
- A AGASP financiará 4 cursos ou actividades formativas coa cantidade máxima de 5.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.213A.226.17.

SEXTA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificará no texto de cada convocatoria.

SÉTIMA: Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA: Vixencia do convenio.

O presente convenio terá vixencia para o ano 2008.

NOVENA: Resolución e revogación do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación.
- O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións formalizaranse mediante Addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

UNDÉCIMA: Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexirase pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto pola lexislación de contratos do Estado e demais normas de dereito administrativo, e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima. A solución dos conflitos que poideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

42(614).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA A PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN “OBXECTIVO: ¡VOAR!”. EXPTE. 223/107.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.08 e de acordo co informe proposta do tenente de alcalde, do 6.02.08, conformado polo coordinador da tenencia de Alcaldía, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Protocolo de colaboración que se de seguido se transcribe entre o Concello de Vigo e a Fundación “La Caixa” para levar a cabo en Vigo a exposición itinerante “Obxectivo, Voar”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CAIXA DE AFORROS E PENSIÓNS DE BARCELONA - FUNDACIÓN "LA CAIXA" - PARA A PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN "OBXECTIVO. ¡ VOAR !" NUNHA CARPA INSTALADA EN....., DESTA CIDADE.

Vigo, a..... de..... de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D. SANTIAGO DOMINGUEZ OLVEIRA, Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Turismo, Comercio, Industria e Cascos Historicos do Concello de Vigo, com enderezo na Praza do Rei s/n.

E doutra, D. JUAN JOSÉ MUGURUZA ANGULO, Director Executivo Territorial Norte da Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona, e o Sr. D. LLUÍS REVERQUER GELABERT, Secretario Xeral da Fundación Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona - en diante Fundación "a Caixa" -, entidade domiciliada na Avda. Diagonal, 621, de Barcelona, e con C.I.F. G / 59-20000-6.

MANIFESTAN

O desexo de colaboración entre as dúas institucións para a instalación da carpa da exposición "OBXECTIVO, ¡ VOAR !" en....., de Vigo.

En consecuencia, recoñecéndose mutuamente todos os comparecentes facultades abundas para representar aos seus mandantes, e a eles capacidade xurídica para obrigarse, comprométense, co fin de concordar os seus respectivos intereses aos seguintes

PACTOS

1. Obxecto do Convenio:

É obxecto do presente convenio de colaboración, a organización conxunta para a instalación en Vigo, da carpa "OBXECTIVO, ¡ VOAR!", en....., actividade itinerante da Fundación "a Caixa", que pretende explicar de forma clara e accesible a todo o público as diferentes leis físicas que serven de fundamento ao deseño de todo tipo de enxeños voadores. A mostra describiría diferentes técnicas de voo ou maneiras de voar, e en cada unha contrástanse exemplos do mundo vexetal, animal e do home.

2. Duración do Convenio:

A actividade prevista desenvolverase entre o 2 de xullo e o 2 de setembro de 2008, e as datas de apertura ao público serán do 15 de xullo ao 24 de agosto de 2008.

3. Compromisos asumidos pola Fundación "La Caixa":

3.1. A Fundación "La Caixa" farase cargo do transporte, montaxe, desmontaxe e instalación da carpa e da exposición "OBXECTIVO, ¡ VOAR!".

3.2. A Fundación "La Caixa" farase cargo do mantemento da carpa e dos módulos que contén, por parte do persoal presente durante todo o período de montaxe, exhibición e desmontaxe.

3.3. A Fundación "La Caixa" asumirá os custos de conexión, toma de terra e consumo de fluído eléctrico

3.4. A Fundación "La Caixa" tamén se fará cargo dos servizos de atención ao público, e das visitas de grupos concertados.

3.5. A Fundación "La Caixa" asumirá os servizos de vixilancia a cargo dunha empresa privada de seguridade, e contratará unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

3.6. A Fundación "La Caixa" asumirá os servizos de limpeza no interior da carpa.

3.7. A Fundación "La Caixa" realizará a impresión de todo o material de difusión en castelán e en galego, baixo a forma de carteis, folletos, bandeirolas de farol e mastros autoportantes, sen que isto vaia en detrimento da difusión que o Concello de Vigo crea conveniente realizar a través das súas canles habituais. Todo o material de difusión de rúa (bandeirolas de farol e mastros), será editado, instalado e retirado pola Fundación "a Caixa". En toda a difusión gráfica e sonora constará a colaboración entre o Concello de Vigo, o Festival Aéreo de Vigo e a Fundación "La Caixa".

4. Compromisos asumidos polo Concello de Vigo

4.1. Facilitar o permiso de cesión gratuíta do espazo destinado á montaxe da carpa en....., e autorizar a instalación da exposición "OBXECTIVO, ¡ VOAR!" nunha carpa de 20 x 20 mts, no devandito espazo nas datas consignadas no punto 2 do presente convenio.

4.2. Facilitar o permiso de circulación, carga e descarga dos camións que a transportan, así como o permiso de estacionamento da grúa, no caso de que fose necesaria.

4.3. Facilitar a colaboración da Policía Municipal para:

- . Acompañar aos camións dende o exterior da cidade ata o lugar onde será instalada a carpa, e viceversa ao finalizar a exposición.
- . Apoiar exteriormente o servizo de vixilancia propios, especialmente en horas nocturnas.
- . Manter despexada de vehículos a zona á chegada dos camións.

4.4. Facilitar as xestións relativas á conexión e acometida da subministración eléctrica, e tamén para a instalación da toma de terra.

4. Facilitar unha boca de rego para o uso e consumo da auga necesaria para os traballos de limpeza diaria.

4.6. Facilitar a recollida de lixos mediante un colector e a notificación ao servizo municipal do punto de recollida.

4.7. Facilitar valla abondas para delimitar o espazo onde se situará a carpa "OBXECTIVO, ¡ VOAR!", durante a montaxe e o desmontaxe.

4.8. Realizar a distribución do material de difusión que edite a Fundación "a Caixa" por comercios e lugares de maior afluencia de público, así como facilitar o permiso de instalación dos elementos relacionados no punto 3.7.

4.9. Facilitar a distribución da información aos centros educativos e atender as reservas de diferentes grupos e colectivos.

4.10. Facilitar e instalar as plantas necesarias para a decoración externa da carpa.

5. Aspectos xerais:

5.1. A entrada a "OBXECTIVO, ¡ VOAR!", será gratuíta.

5.2. A organización de "OBXECTIVO, ¡ VOAR !" en....., corresponde ao Concello de Vigo, ao Festival Aéreo de Vigo e á Fundación "La Caixa".

5. O Concello de Vigo, o Festival Aéreo de Vigo e a Fundación "La Caixa" actuasen en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer "OBXECTIVO, ¡ VOAR !" ".

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio por triplicado e a un só efecto, na cidade e data sinaladas "ut supra".

43(615).- CONVOCATORIA DE DOCE BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN E PRÁCTICAS NAS OFICINAS E SERVIZOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO PERÍODO ESTIVAL. EXPTE. 2377/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa en funcións do Servizo de Turismo, do 25.03.08, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio e Cascos Históricos, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria de doce bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Industria, Comercio e Turismo, que se desenvolverán desde o 15 de xuño ata o 15 de outubro de 2008 (4 meses), ámbolos dous inclusive.

Segunda. - Aprobar o gasto de 43.200 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a Familias e Institucións". O cálculo total resulta da multiplicación de 900 euros brutos/beca x 12 becas x 4 meses.

CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS

Primeiro.- Obxecto

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Industria, Comercio e Turismo do Concello de Vigo con-

voca a concesión de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos dende o 15 de xuño ata o 15 de outubro de 2008 .

Segundo.- Número de becas

Convócanse 12 becas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servizos turísticos que a Concellería de Industria, Comercio e Turismo porá a disposición dos visitantes no período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de outubro de 2008, ámbolos dous inclusive.

Terceiro.- Dotación

A contía da convocatoria ascende á cantidade de 43.200 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a Familias e Institucións". O cálculo total resulta da multiplicación de 900 euros brutos/beca x 12 becas x 4 meses.

Cuarto.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requirida nas bases desta convocatoria (BOP 10 de abril de 2006).

Sexto.- Duración das bolsas

As prácticas terán unha duración de 4 meses durante o período estival de 2008. Comenzarán, en principio, o día 15 de xuño e rematarán o 15 de outubro, ámbolos dous inclusive, do ano 2008. No caso de que o comezo das prácticas tivese que alterarse por algunha causa, o remate acortarse ou prolongarse tantos días como se teña adiantado ou retrasado o comezo da actividade.

Sétimo.- Pagamento

O pagamento das becas farase mensualmente.

Oitavo.- Bases

As bases xerais que rixen esta convocatoria foron aprobadas, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 21 de agosto de 2006 (BOP 10 abril 2006), anexo 1, "Bases para a convocatoria de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos".

Noveno.- Prazo de resolución e notificación

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

2. A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A práctica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

44(616).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA ACTUACIÓN ILLADA Nº 1 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXP-TE. 201/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Administración Xeral, pola arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión e polo arquitecto municipal e director da devandita oficina, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (expte 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario deuse aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: "(...)_Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)"

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 5.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, deuse traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

No devandito instrumento de ordenación delimitouse unha actuación illada en solo urbano consolidado "A.I.1", destinada ó ensanche e reposición de servizos na Rúa Ribadavia.

O 12.06.06 o Vicepresidente da XMU resolveu a incoacción do expediente de expropiación da actuación illada "A.I.1" do PERI IV-01 San Roque A. Así mesmo, se requeriu a oficina de planeamento e xestión para que procedera a redacción do proxecto expropiatorio.

Para a redacción do proxecto expropiatorio, esta oficina recabou información catastral, rexistral, topografía, da Concellería de Benestar Social e dos propietarios coñecidos para que no prazo de dez días aportasen información para a correcta redacción do instrumento técnico necesario para a expropiación

En dat 20.08.07 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número <1> do PERI IV 01 San Roque que comprende a finca descrita no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU o 15.05.07. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no COG en un xornal dos de maior difusión da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)"

O acordo foi publicado no Faro de Vigo do 5.10.07 e no DOGA de 25.10.07. Realizáronse as preceptivas notificacións (nalgúns casos, publicacións substitutivas o abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común).

Consta no expediente certificado do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo de data 27.11.07 no que se constata a presentación das seguintes alegacións:

- Don Manuel R. Mariño Toubes, data de presentación 15.10.07.
- Hdros. de Don Marcos Pérez Chamorro, data de presentación 16.10.07.
- Don José Eloy Meleiro Piña, data de presentación 23.10.07.
- Don Jesús Grova Martínez, data de presentación 30.10.07.
- Don Isidro González Álvarez, data de presentación 1.11.07.
- Dona Nemesia Alfonso Fernández, data de presentación 5.11.07.
- Dona Nemesia Alfonso Fernández e outros, data de presentación 21.11.07.
- Dona Julia J. Leiva Hermida, data de presentación 23.11.07.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.- O artigo 28.2 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes. No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación plenaria do acordo de modificación puntual nº 23 do Plan xeral de ordenación municipal de 29.07.02 (expte 6527/411) e o de 28.07.04 de aprobación definitiva do PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411).

2.- *Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo obrígase a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá someterse a un trámite de información pública e notificáronse individualmente ós que aparezcan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Así mesmo, procedeuse nalgúns dos casos, á publicación subsitutoria da notificación o abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de xuño, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*

3.- *Analise e informe individualizado das alegacións presentadas:*

- *Alegación presentada por don Manuel R. Mariño Toubes – Parcela 43- (data de presentación 15.10.07, doc 70113931).- A seguir dase contestación individualizada de cada unha das cuestións aludidas no escrito de alegacións:*

- *En canto á superficie da parcela obxecto de expropiación.- O servizo de cartografía realizou nova medición da parcela o día 14 de febreiro de 2008, estando presente o propietario da parcela e comprobouse que a superficie que consta no Proxecto de Expropiación é a correcta.*
- *Sobre o suposto detrimento patrimonial pola demolición dunha edificación que se encontraba en estado de ruína.- Nas normas de valoración de bens e dereitos contidas no Título terceiro da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo, non se establece ningún suposto de indemnización pola derruba de edificacións anterior á tramitación do expediente expropiatorio.*
- *Tómase coñecemento do enderezo real do interesado.*

PROPOSTA: Desestimar a alegación. Tómase coñecemento do enderezo real dos propietarios.

- *Alegación presentada por Antonio Pérez Garrido e dona María del Pilar Pérez Garrido (Herederos de Marcos Pérez Chamarro) – Parcela 95 - (data de presentación 16.10.07, documento número 70114891).- Infórmanse os aspectos aludidos no expediente expropiatorio do seguinte xeito:*

- *En relación coa valoración incorporada ó expediente: Tanto a superficie da parcela como a superficie construída no Proxecto de Expropiación aprobado inicialmente, son superiores no caso da parcela 94, polo que os coeficientes tanto de superficie de solo, como de superficie construída tomados fóron lixeiramente superiores no caso da parcela nº 94.*
- *Sobre a superficie real da parcela e da edificación a expropiar: Con data 20 de febreiro de 2008 xirouse visita á parcela nº95, con tres representantes da propiedade e comprobáronse as medidas tanto da parcela como da edificación existente. Compróbase que o quebro do lindeiro coa parcela nº94 e que se reflicte nos planos de proxecto de expropiación, non existe; o lindeiro é recto. Polo que a superficie da parcela 95 é superior á considerada inicialmente e a superficie da parcela 94 é menor. Os datos obtidos son os seguintes:*

Superficie da parcela: 97 m².

Superficie construída: 53 m² de vivanda en planta baixa e 25 m² de bodega en planta semisoto. En total 78 m²

PROPOSTA: Estimar a alegación nos términos do informe.

- *Alegación presentada por don José Eloy Meleiro Piña –parcela número 45- (data de presentación 23.10.07, doc número 70117954): Infórmanse individualizadamente a cada unha das cuestións tratadas polo alegante:*

- *En canto a necesidade de reposición das canalizacións e instalacións de subministro de auga: As reposicións de tuberías e cadro será obxecto de estudo no proxecto de urbanización.*
- *Sobre a procedencia da valoración dun pozo: Xirouse visita á parcela o día 14 de febreiro de 2008, comprobando que o pozo non se atopa dentro da superficie a expropiar.*

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

- *Alegación de don Jesús Grova Martínez – parcela número 92- (data de presentación 30.10.07, doc número 70120784): Dase contestación individualizada as cuestións tratadas:*
 - *En canto a superficie da parcela obxecto de expropiación, con data 14 de febreiro de 2008, xírase visita á parcela, tomáronse medidas interiores da edificación e o patio. Compróbase a parcela e a edificación. Resultado da medición axústanse as medidas da parcela e a edificación. A parcela ten 48,50 m² e a edificación ten 42,5 m².*
 - *Así mesmo realizanse diversas consideracións sobre a valoración practicada.- Na memoria do Proxecto de Expropiación, no apartado “6. Método de valoración” e máis concretamente no apartado 6.2., explícase que a aplicación da lei 8/2007 de solo require no solo urbanizado con construcións a valoración por un lado do solo, sen ter en conta a edificación, polo método residual estático da Orde ECO/805/2003 e por outro lado do conxunto da parcela e edificación polo método de comparación. Como valor da parcela deberá tomarse o maior dos dous valores. Isto foi o que se fixo. No apartado 8 do Proxecto de Expropiación “resumo das valoracións”, reflíctense os cálculos realizados tanto do método residual estático de cada unha das parcelas, como do método de comparación para as parcelas nas que existen edificacións. En tódolos casos nos que existen edificacións o método de comparación arroxa valores superiores ao método residual estático polo que, como se explica no apartado 6, tómase como valor o superior, e dicir, o de comparación.*

Para a aplicación do método residual estático realizouse un estudio de mercado que se achega no apartado 6.1 e do que resulta un valor en venta de 2.960,53 €/m² ao que se lle aplica un coeficiente corrector de 0,9 debido á repercusión de elementos comúns (portal, escaleiras, descansos, etc), coeficiente bastante axustado, co que o prezo medio de venta resulta 2.664,588 €/m². Non se quiso aplicar un coeficiente corrector de mercado, habitualmente utilizado polas empresas tasadoras, para corrixir a diferenza que existe entre as ofertas das inmobiliarias e o prezo final das transaccións, o coeficiente utilizado habitualmente é entre 0,9 e 0,85 o que nos daría un prezo de venta inferior.

No que se refire ao informe pericial achegado pola propiedade e firmado polo arquitecto D.Arsenio Piñeiro Santos fanse as seguintes puntualizacións:

- *A utilización do método de comparación non é unha opción senon unha obriga establecida no artigo 23 da lei 8/2007, de 28 de maio, de solo. Non hai outra posibilidade legal para a valoración de parcelas en solo urbanizado con edificación existente.*
- *Non procede a indemnización establecida no artigo 24 da lei 8/2007 xa que a parcela está en situación de solo urbanizado, a indemnización prevista no dito artigo refírese a “actuacións de nova urbanización” definida no artigo 14 como aquelas que “suponen el paso de un ámbito de suelo de la situación de suelo rural a la de urbanizado para crear, junto con las correspondientes infraestructuras y dotaciones públicas, una o más parcelas aptas para la edificación o uso independiente y conectadas funcionalmente con la red de los servicios exigidos por la ordenación territorial y urbanística”. No caso da parcela que nos ocupa trátase de solo urbanizado, e non está sometido a una actuación de nova urbanización polo que non procede dita indemnización.*
- *Estudio de mercado: consultáronse as ofertas reflectidas no informe, atopando algunha das ofertas das páxinas webs que se citan, as que se atoparon teñen un prezo inferior ao que se recolle, agás unha dela que aparece co mesmo prezo. Non se ten en conta a correc-*

ción necesaria por elementos comúns nin a corrección por tratarse de ofertas. O prezo de venda que se adopta na valoración realizada polo departamento de Xestión da Xerencia de Urbanismo apoiase nun estudo de mercado que se recolle no expediente (páxina 6) e é o resultado dunha análise de moitas máis mostras, das que se elixiron as máis representativas. Este valor é moi semellante ao que se ten utilizado noutros expedientes expropiatorios da zona (incluso superior ao utilizado no caso do Polígono III do Peri San Roque).

- *Gastos de construción: realízase unha estimación parecida á realizada no expediente pero non se teñen en conta o coste de construción da plaza de garaxe e do trasteiro. Se se teñen en conta estes elementos no prezo de venda tamén haberá que incluír estes dous elementos nos costes de construción, co que os gastos de construción serían moi semellantes aos utilizados na valoración feita no expediente.*
 - *Realiza o perito tasador unha valoración polo método de reposición da edificación existente. Esta valoración é improcedente, xa que como se dí anteriormente, a lei establece que para o solo urbanizado con edificacións deberase tomar o maior valor do resultante da valoración polo método residual estático aplicado exclusivamente ao solo e o resultante do método de comparación. A valoración polo método de comparación realizada polos servizos da Xerencia é superior á que realiza o perito tasador da propiedade polo método residual estático aplicado ao solo, polo que aínda no hipotético caso de que se aceptara a valoración realizada o valor que se debería tomar sería o resultante do método de comparación que figura no expediente.*
- *En relación co dereito de realoxamento solicitado.- Unha vez realizadas as correspondentes comprobacións, se constata que unicamente don Jesús Grova Martínez reside na edificación a expropiar e polo tanto, é susceptible de ser recoñecido o dereito ao realoxamento ó abeiro do disposto na disposición adicional cuarta do Texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana (real decreto legislativo 1/92, de 26 de xuño). Con posterioridade á determinación do xustiprezo, se procederá á apertura dun trámite incidental no que se conclúa o alcance do dereito ó realoxamento do alegante.*

PROPOSTA: Desestimar a alegación salvo o incremento da superficie a expropiar e o recoñecemento do dereito de realoxamento.

- *Alegación presentada por don Isidro González Álvarez –parcelas 29 y 30 – (data de presentación 29.10.07, doc 70121876).- Dase contestación a cada unha das cuestións tratadas:*
- *Sobre a descrición das parcelas: Con data 14 de febreiro de 2008 o servizo de cartografía realizou visita a ambas parcelas visita e tomáronse novas medicións tanto das parcelas como da edificación. Resultando que no caso da parcela 29 a superficie tomada no proxecto é correcta. No caso da parcela 30, a superficie da parcela é de 85 m2. A edificación consta dunha planta semisoto de 85 m2, con uso de vivenda, actualmente deshabitada; planta baixa de 85 m2, tamén vivenda e tamén deshabitada e unha planta ático de 48 m2 igual que as plantas inferiores ocupada por unha vivenda sen ocupar (tomáronse as medidas ata zonas con altura inferior a 1,7 m de altura que deberíamos descontar). O estado do interior da edificación é malo.*
 - *Con respecto ás valoracións realizadas: No que se refire á lexislación a aplicar, a lei 8/2007, de 28 de maio, de solo na súa disposición transitoria terceira, dí que se aplicará nos expedientes que se inicien a partir da súa entrada en vigor. Dado que o proxecto se aprobou inicialmente o 20/08/2007, entendeuse a conveniencia de aplicar a lei 8/2007 de solo. A aplicación da nova lei estatal, non supón, en principio ningún perxuízo para os propietarios, no caso da actuación illada Nº1. No caso dos solos sen edificar o método sería residual estático, exactamente igual que aplicando a Lei 6/1998 de réxime do solo e valoracións. Para as parcelas edificadas a lei 6/1998 establecía o valor como a suma do valor obtido polo método residual estático do solo máis o de reposición para a*

edificación; a Lei 8/2007 establece o método de comparación (no caso de que sexa superior a o obtido para o solo co método residual estático) que en principio, para as parcelas con edificación, neste caso, arroxa valores superiores á suma do valor residual e do reposición.

O coste de construción calculouse como habitualmente se realiza nos diferentes expedientes tramitados pola Xerencia. Respecto do cálculo que se inclúe na alegación habería que facer as seguintes observacións: O cálculo dos costes de construción que consta no proxecto de expropiación parte da hipótese dun edificio cuxa edificabilidade lucrativa adícase a residencial e cun soto para garaxe obtendo aproximadamente unha praza por vivenda. Non se pode manexar a hipótese dun baixo comercial xa que non se fai un estudo de mercado de locais comerciais na zona nin se aplica prezo de venda diferente ao de vivenda.

- Na relación de costes de construción que se fai na alegación non se teñen en conta os costes de administración do promotor, nin gastos financeiros nin gastos de comercialización que deben terse en conta cando se aplica o método residual estático recollido na Orden ECO/805/2003. No que se refire a gastos como os honorarios, as portentaxes manexadas son claramente insuficientes e ademáis non se teñen en conta nin honorarios do proxecto de telecomunicacións, nin honorarios do coordinador que tampouco poderían englobarse no 3% que se pon en concepto de “Varios”, xa que tanto o control de calidade, como o seguro decenal, o plan de seguridade da obra, valados, grúas, etc que supoñemos poderían estar recollidos nese concepto, supoñen unha porcentaxe bastante maior que o 3% do presuposto de execución material.
- Como resumo, non podemos manexar prezos de mercado axustados á realidade, como ben recoñece o alegante, e por outra parte manexar uns costes de construción que non se axustan á mesma.
- No que respecta á aplicación do método de comparación, é certo que é precisa a existencia dun mercado representativo, e na valoración feita polos servizos técnicos do departamento de xestión da Xerencia de Urbanismo recóllense once mostras, unhas de compravendas reais realizadas en data recente na zona e outras de ofertas inmobiliarias reais (as que por certo non se lles aplicou un coeficiente corrector de mercado, que minoraría o valor da oferta) e que, como a aplicación do método de comparación recollido pola orden ECO/805/2003 obriga, vanse homoxeneizando mediante coeficientes ata obter valores comparables. A lei, por outra banda, non establece un método alternativo ante a posible dificultade de atopar mostras comparables, que de tódolos xeitos non é o caso, como xa se explicou.

PROPOSTA: Desestimar a alegación salvo o informado sobre a superficie da parcela 30 e as consecuencias que ten sobre a valoración da mesma.

- Alegación presentada por dona Nemesia Alfonso Fernández –parcela 44- (data de presentación 1.11.07, doc número 70122781).- Unha vez analizada a alegación, dase contestación fundada a mesma:
 - En relación ós datos sobre a titularidade da mesma, tómase coñecemento da documentación presentada.
 - En relación á superficie e os elementos obxecto de expropiación: O día 20 de febreiro de 2008, a arquitecta municipal asistido de persoal do departamento de cartografía se comprobou a corrección da superficie das parcela que consta no proxecto de expropiación. Así mesmo o muro de peche foi construído e pagado polo Concello de Vigo, polo tanto non procede a esixencia de indemnización.
 - Consideracións con respecto ás valoracións practicadas.- Na parcela orixinariamente existía unha edificación de planta baixa, dita edificación foi declarada en ruína e foi or-

denada a derruba da mesma á propiedade (nºexptes: 10079/423 e 11.281/423, na alegación figuran resolucións e notificacións de ambos expedientes á propiedade). Figuraba como propietaria Dña Nemesia Alfonso Fernández, e foi notificada (constan no expediente acuses de recibo, dela e doutros dos propietarios). A propiedade incumpriu a orde de execución polo que procedeuse á execución subsidiaria da derruba de dita edificación e a construción do muro de bloques como peche da parcela. O pago da derruba e do muro non foi abonado ao Concello. Consta no proxecto de expropiación, descripción das parcelas e a súa afección total, así como os lindeiros e demais características. No que se refire ao prezo, como pode comprobarse analizando a parte do proxecto de expropiación que se adica as valoracións das parcelas (apartados 6 e 8), as valoracións foron realizadas conforme á lexislación vixente e partindo de prezos de venda reais, procurando que o valor adoptada sexa o posible valor de mercado da parcela. O prezo do solo fixado é de 1.572,67 €/m², prezo semellante aos fixados noutras expropiacións na zona, e superior a expropiacións moi próximas, realizadas recentemente. Non se aportan datos, nin valoración contradictoria, nin razoamentos que xustifiquen a afirmación de que se trata dun “precio político que en modo alguno representa el valor de los terrenos”. Non se comparte esa apreciación.

PROPOSTA: Desestimar a alegación e tomar razón da documentación acreditativa da titularidade da parcela.

- Alegación presentada por dona Julia-Jesusa Leiva Hermida – Parcela número 93- (data de presentación 23.11.07, doc 70131781).- Respóntase a alegación co seguinte informe:

- En relación dos documentos aportados sobre a titularidade da parcela, tómase coñecemento da mesma.
- Solicita a rectificación da superficie da parcela e edificación obxecto de expropiación.- O servizo de cartografía xunto coa arquitecta municipal, xiraron visita á parcela o día 4 de marzo de 2008, asistindo a propietaria. Tomáronse medidas da edificación, tanto interiores como exteriores. Consultouse na Xerencia Municipal de Urbanismo o proxecto presentado no ano 1991 polo arquitecto Xosé A. Comesaña e co que obtivo licenza para arreglo e nova distribución da vivenda. Se realizaron traballos de consulta da cartografía existente, desde o ano 1940. Nas cartografías anteriores á actual a parcela reflíctese cunha parte de patio traseiro, lindante coa parcela 92, que sigue a liña de dita edificación, polo que se pode considerar que a parcela orixinal é un pouco superior á grafiada no proxecto de expropiación. A parcela contén según a medición realizada, incluíndo esa parte que agora forma parte do vial na lonxitude do patio, unha superficie total de 65,50 m².

A superficie construída, según medicións realizadas in situ, é de 128,00 m², incluíndo o soto, planta baixa e o ático incluso coas zonas con altura inferior a 1,7 m. Consta a edificación dunha planta semisoto, cunha altura de teito de 2,30 aproximadamente. (inferior a 2,50 m, mínimo para o uso de vivenda), esta planta no proxecto autorizado estaba adicada a bodega, baño e trasteiro, actualmente está acondicionada para estar (uso prohibido nesa planta) e trasteiros, ten como única fachada o extrema que dá ao antigo patio. Este patio recibe iluminación, a través dun lucernario e unha ventá a rúa Hortelana. A parte de soto mide 45 m². Ten planta baixa destinada a cociña-comedor e un baño, cunha superficie de 49 m². E ten unha planta ático con dous pequenos dormitorios e un baño, os dormitorios teñen unha altura de teito de 1 m, na parte máis baixa, co que a superficie de cada un dos dormitorios con altura igual ou superior a 1,7 m é duns 5 m² cada un. A superficie total da planta ático (computando incluso a superficie por debaixo de 1,7) é de 34 m²., no proxecto autorizado a planta ático constaba dun dormitorio e tiña unha superficie de 16 m². A vivenda presenta en diferentes zonas humidades.

Na licenza cuxa fotocopia se achega na alegación dí: “(...) Estima-lo recurso de Reposición interposto por D^aJulia Leiva Hermida e outra contra o acordo da Comisión Muni-

pal de Goberno de data 24-5-91 polo que se lle denegaba licenza para rehabilitar unha edificación existente na rúa Ribadavia,19, dado que se presenta novo proxecto reformado no que se prevén unicamente a realización de obras de mera conservación e hixiénico-sanitarias para o devandito inmovible, polo que en consecuencia procede: AUTORIZAR A D^aJULIA LEIVA HERMIDA E OUTRA para realizar conforme ó proxecto presentado redactado polo Arquitecto D.Xosé A. Comesaña García e visado polo respectivo Colexio Oficial con data 14-3-91 e 1-7-91, obras de conservación e hixiénico sanitarias no inmovible sito na rúa Ribadavia,19 (...)

A memoria que se achega na alegación ten data de visado de 19 de maio de 1987 e corresponde co proxecto cuxa licenza foi denegada, segundo consta no expediente "(...) por ser la parcela inferior a la mínima, estando además disconforme con las alineaciones fijadas por el PGOU tanto de retranqueo a vía pública con el lindero posterior y en aplicación del artículo 3.2.4. del PGOU, al tratarse de una edificación considerada como fuera de ordenación no se permiten obras de consolidación, tal como las que nos ocupan (...)". Posteriormente autorizouse a substitución da cuberta coa pendente orixinal (que non é a que actualmente ten a edificación), sen aumento de volume e a realización dunha nova distribución, pero sen cambio de forxados (salvo o de cuberta) e sen aumento de volume. Consultado o proxecto autorizado pódese comprobar que as obras realizadas non se axustaron ao proxecto autorizado. Non se respectou a configuración da cuberta, cubriuse o patio, a bodega utilízase como estar (uso non autorizable), a planta baixo cuberta ten dous dormitorios, en lugar de un, engadiuse un baño e aumentouse o volume orixinal.

O artigo 21 da Lei 8/07, de 28 de maio, establece que se valorarán as construcións que se axusten á legalidade, entendendo por tales cando se realizaron de conformidade coa ordenación urbanística e o acto administrativo lexitimante que requirisen (neste caso licenza de obras) ou foran posteriormente legalizadas de conformidade co disposto na lexislación urbanística. No caso da edificación obxecto da alegación, as obras realizadas non se axustaron á licenza concedida e non se legalizaron posteriormente.

No que se refire á superficie construída, no proxecto autorizado reflectense 47 m² construídos en planta soto, uso bodega e trasteiros, 47 m² en planta baixa, uso cociña-estar e 16 m², en planta ático, con uso dormitorio. En conclusión , un total 110 m².

- Realiza certas consideracións sobre o estado de conservación da edificación.- No que se refire á antigüidade non se pode considerar a antigüidade de 17 anos xa que a licenza non foi concedida para unha rehabilitación total senón para obras de mera conservación, sen vaciado interior, según consta no expediente. Poderíase en todo caso, reconsiderar o estado de conservación, unha vez que se comprobou que o estado é bo, mellorando os coeficientes de homoxeneización adoptados. Tras repasar a tabla de homoxeneización atopouse un erro no coeficiente da superficie construída da mostra nº5 que se corraxirá.
- Consideracións xerais sobre a valoración contida no proxecto expropiatorio.- En canto á valoración achegada pola arquitecta, fanse as seguintes observacións:
 - Non se atopa ningunha oferta na provincia de Pontevedra na páxina de "concasa.com".
 - Tería que ter en conta que a vivenda, a pesar de ter un aceptable estado de conservación, non ten garaxe nin sitio onde ubicar o automóvil. Ten so dous dormitorios de moi pequenas dimensións, non ten ningún dormitorio dobre. A parte do estar está en planta soto, sen iluminación e ventilación suficiente e con unha altura de teito menor que o mínimo exisido para o uso de vivenda. Polo tanto incumpre a normativa de habitabilidade.
 - Os coeficientes de homoxeneización, están mal utilizados xa que, por exemplo, no caso da antigüidade, vivendas mais novas que a que nos ocupan (3 ou 2 anos) utilízanse valores superiores a 1, co que o valor aumen-

ta, cando teria que ser ao contrario. No caso de vivendas con estado de conservaición bo ou moi bo, se utilizan coeficientes superiores á unidade, so no caso dunha mostra de recente construción o coeficiente é 0,9, como é evidente tamén excesivamente alto. Tamén nos casos de superficies atópase algunha incoherencia. Tampouco se teñen en conta aspectos importantes como os apuntados no punto anterior. Isto implica que o valor que resulta finalmente da valoración que se achega na alegación, sexa excesivamente alto e desproporcionado tendo en conta o tipo de vivenda que se está a valorar.

PROPOSTA: Desestimar a alegación, salvo a mellora nos coeficientes referentes ó estado de conservaición.

3.- *Efectos da aprobación do proxecto expropiatorio por taxación conxunta.- De acordo co previsto no artigo 144 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a aprobación definitiva do expediente por taxación conxunta, implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. Así mesmo, o pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Unha vez notificada a aprobación definitiva, ó abeiro do disposto no apartado 7 do artigo 143, os interesados poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. Unicamente no caso que se mostre disconformidade, o expediente e a folla de aprecio será remitida ó Xurado de expropiación de Galicia para os efectos de fixación do prezo xusto. Se os interesados non mostraran tal disconformidade, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto.*

4.- *Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.*

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número "1" do PERI IV-01 San Roque que comprende a finca descritas no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU coas rectificacións derivadas da estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas.

SEGUNDO: Desestimar as alegacións presentadas por don Manuel R. Mariño Toubes (parcela 43, doc 70113931), don José Eloy Meleiro Piña (parcela 45, doc 70117954), dona Nemesia Alfonso Fernández (parcela 44, doc 70122781). Estimar parcialmente no sentido do presente informe, as alegacións presentadas por don Jesús Grova Martínez (parcela 92, doc 70120784), don Isidro González Álvarez (parcela 29/30, doc 70121876) e dona Julia Jesusa Leiva Hermida (parcela 93, doc 70131781). Estimar a alegación presentada por don Antonio Pérez Garrido e dona María del Pilar Pérez Garrido (parcela 95, doc 70114891), nos termos contidos no presente informe-proposta. Tomar razón da documentación aportada polos alegantes e xustificativa da titularidade das parcelas e construcións que son obxecto da expropiación.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo ós interesados titulares de bens e dereitos, conferíndolles un prazo de vinte días durante o cal poderán manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado e que formou parte do acordo de aprobación inicial do proxecto expropiatorio. Naquel caso que mostren a súa disconformidade, o expediente e a folla de aprecio, será remitida o Xurado de expropiación de Galicia para os efectos da determinación do xustiprezo. Noutro suposto, entenderase aceptada a valoración que se fixou no expediente expropiatorio.

CUARTO: Comunicar ós interesados que salvo a parte do expediente que aborda a valoración do inmovible a expropiar, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes perante esta Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**45(617).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA AC-
TUACIÓN ILLADA Nº 2 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXP-
TE. 202/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25.03.08, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a arquitecta da Oficina de Xestión Municipal e o arquitecto e director de dita oficina, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (extpe 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario se deu aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: "(...)_Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)"

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 5.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, se deu traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

No devandito instrumento de ordenación se delimitou unha actuación illada en solo urbano consolidado "A.I.2", para a obtención e rehabilitación de edificio para dotación de centro social.

O 12.06.06 o Vicepresidente da XMU resolveu a incoacción do expediente de expropiación da actuación illada "A.I.2" do PERI IV-01 San Roque A. Así mesmo, se requeriu a oficina de planeamento e xestión para que procedera a redacción do proxecto expropiatorio.

Para a redacción do proxecto expropiatorio, esta oficina recabou información catastral, rexistral, topografía, da Concellería de Benestar Social e dos propietarios coñecidos para que no prazo de dez días aportasen información para a correcta redacción do instrumento técnico necesario para a expropiación.

En dat 20.08.07 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número <2> do PERI IV 01 San Roque que comprende a finca descrita no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU o 15.05.07. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no COG en un xornal dos de maior difusión da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)"

O acordo foi publicado no Faro de Vigo do 28.09.07 e no DOGA de 29.10.07. Realizáronse as preceptivas notificacións (nalgúns casos, publicacións substitutivas o abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común).

Consta no expediente certificado do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo de data 11.02.08, no que se constata a presentación dunha única alegación: Documento número 70134272, data de presentación 28.11.07.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.- O artigo 28.2 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes. No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación ple-

naria do acordo de modificación puntual nº 23 do Plan xeral de ordenación municipal de 29.07.02 (expte 6527/411) e o de 28.07.04 de aprobación definitiva do PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411).

2.- Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá someteuse a un trámite de información pública e se notificaron individualmente ós que aparezcan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Así mesmo, se procedeu nalgúns dos casos, á publicación substitutoria da notificación o abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de xuño, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

3.-Análise e informe individualizado da alegación presentada por don Alfonso Álvarez Gándara en representación de dona María Luisa García Carrasco e dona María del Carmen-Francisca García Pérez (doc número 70134272, data de rexistro de entrada 28.11.07).- A seguir dase contestación fundada á alegación presentada.

- Manifesta a súa disconformidade coa valoración contida no proxecto de expropiatorio. Aporta informe visado da arquitecta dona Eva Filgueira García.

INFORME: O alegante presenta unha valoración firmada pola arquitecta Dna Eva Filgueira que coincide exactamente coa realizada polos técnicos da Xerencia, salvo no que atinxe á cuestión da marxe de beneficio do promotor, “b” na fórmula da orde ECO/805/2003; este parámetro calcúlase a partir da denominada “tasa libre de riesgo” (TLR) e da “prima de riesgo” (PR). A orde ECO, establece uns mínimos para “b” e para a PR, pero o artigo 41 de dita orde establece “(...) El margen de beneficio del promotor se fijará por la entidad tasadora, a partir de la información de que se disponga sobre promociones de semejante naturaleza, y atendiendo al más habitual en las promociones de similares características y emplazamiento, así como los gastos financieros y de comercialización más frecuentes”. A marxe “b” utilizada na valoración que consta no expediente, é axeitada para o momento, situación e tipo de promoción que se está a valorar e semellante ao utilizado nas promocións de similares características consideradas. O feito de que a Orde ECO estableza uns mínimos non quere dicir en absoluto que se deban considerar axeitados para a maioría dos casos. O tempo no que se pode demorar unha promoción, as condicións económicas do momento no que se realiza a valoración, a experiencia doutras valoracións semellantes e demáis circunstancias, fan que se considere correcto o valor adoptado para “b” 0,2690.

- Con respecto a improcedencia de considerar a construción como unha edificación en ruina, tense que informar o seguinte: En 1999 foi incoado expediente (expte nº10341/423) por edificación en mal estado, en reiteradas ocasións os propietarios foron notificados, para tomaren medidas co obxecto de deter o proceso de deterioro no que se atopaba a edificación. Consta no expediente informe do inspector municipal, do 3 de novembro de 2005, no que se pon de manifesto o grave deterioro que ten a edificación, coa estrutura interior derrubada e sen elementos de carpintería nos ocos exteriores, e pon de manifesto o grave risco que supón o estado da edificación. A propiedade non adoptou as medidas necesarias, e o inmovible segue a deteriorarse, ata o día de hoxe. En marzo de 2007 e ante o reiterado incumprimento por parte da propiedade, realizáronse obras consistentes no peche con fábrica de bloque de formigón de ocos de portas, fiestras e do recinto da finca, así como desbroce da mesma e retirada de escombros e lixo a vertedeiro controlado. Con data 24 de outubro de 2007, a raíz dunha denuncia presentada no departamento de sanidade do Concello, vólvese a xirar visita de inspección, o inspector municipal no informe da visita dí “púdose comprobar a situación de deterioro e ruina absoluta que presenta a edificación alí existente e o inadmisíbel estado selvático e de absoluto abandono que presenta a finca de referencia, con vexetación invadindo a edificación colindante e vías públicas” acompaña ao informe fotografías do inmovible suficientemente aclaratorias destas circunstancias. Tampouco, desde esa data, a propiedade tomou ningunha medida para paliar o inevitable deterioro, que segue a sufrir o inmovible.

O artigo 201 da lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural establece no seu apartado 2, os supostos nos que se considera estado ruinoso dunha edificación, e son:

- “Cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

- Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais.
- Cando se requira a realización de obras que non puidesen ser autorizadas por encontrarse o edificio en situación de fóra de ordenación.”

A edificación existente na parcela atópase, sen dúbida, nos tres supostos. O feito de que se pretenda a recuperación da primitiva edificación non quere dicir que non estea en situación de ruina. O coste das obras de recuperación da antiga edificación vai a ser igual ou superior que se se fixera a obra coma se fose nova, xeralmente as obras de rehabilitación deste calado arrojan propósitos superiores ás obras de nova planta.

A cifra de 38.701 € que se cita na alegación non é unha valoración do expediente de expropiación, é unha estimación que forma parte da Memoria do PERI-IV San Roque, esta estimación foi feita cando se redactou o PERI (a aprobación inicial é de febreiro de 2003).

- En relación á superficie real da parcela, tense que informar o seguinte: O servizo de cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo efectuou visita á parcela o día 20 de febreiro de 2008 e comprobáronse as medidas exteriores da parcela. Apreciouse que a superficie real da parcela é de 258,57 m². A parcela atópase chea de maleza e silvas o que impide o acceso á mesma.

PROPOSTA: Desestimar íntegramente a alegación presentada.

3.- Efectos da aprobación do proxecto expropiatorio por taxación conxunta.- De acordo co previsto no artigo 144 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a aprobación definitiva do expediente por taxación conxunta, implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. Así mesmo, o pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Unha vez notificada a aprobación definitiva, ó abeiro do disposto no apartado 7 do artigo 143, os interesados poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. Unicamente no caso que se mostre disconformidade, o expediente e a folla de aprecio será remitida ó Xurado de expropiación de Galicia para os efectos de fixación do prezo xusto. Se os interesados non mostraran tal disconformidade, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto.

4.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número “2” do PERI IV-01 San Roque que comprende a finca descritas no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU o 15.05.07.

SEGUNDO: Desestimar a alegación presentada por don Alfonso Álvarez Gándara en representación de dona María Luisa García Carrasco e dona María del Carmen-Francisca García Pérez (doc 70134272, data de presentación 28.11.07).

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo ós interesados titulares de bens e dereitos, conferíndolles un prazo de vinte días durante o cal poderán manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado e que formou parte do acordo de aprobación inicial do proxecto expropiatorio. Naquel caso que mostren a súa disconformidade, o expediente e a folla de aprecio, será remitida o Xurado de expropiación de Galicia para os efectos da determinación do xustiprezo. Noutro suposto, entenderase aceptada a valoración que se fixou no expediente expropiatorio.

CUARTO: Comunicar ós interesados que salvo a parte do expediente que aborda a valoración do inmovible a expropiar, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes perante

esta Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(618).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE IMPERMEBA S.L. POR OBRAS NA RÚA DR. GONZÁLEZ SIERRA Nº 1. EXPTE. 54289/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.04.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 20 de novembro de 2007, autorizouse a IMPERMEBA, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de obra para protección de montacargas con número de expediente 54066/250.07, cunha ocupación de 9 m² na r/Dr González Sierra nº 1, para cambio de cuberta, constituindo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200700067458 de data 20-11-2007.

Solicitada a devolución da fianza con data 7/12/2007 con número de documento 70138079, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 13 de decembro de 2007, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de IMPERMEBA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(619).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A NEA S.L, POR PERMISO DE CIRCULACIÓN Á RÚA PRÍNCIPE, 7. EXPTE. 55183/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.04.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 25 de marzo de 2008 e número de documento 80035901, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por NEA, S.L. (CIF: B-36626331) con data 19/11/2007 e número de operación 200700066952, por importe de 21.000,00 €, motivado polo permiso de circulación á r/ Príncipe, 7.

No informe de inspección de data 10 de abril de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 21.000,00 € (vinte e un mil euros), a favor de NEA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(620).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A MAGOPE S.L. POR OBRAS NA PRAZA DE COMPOSTELA Nº 5. EXPTE. 55115/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.04.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 17 de xaneiro de 2008, autorizouse a MAGOPE, S.L. a ocupación da vía pública cun valado e un andamio con número de expediente 54468/250.08, cunha ocupación de 8 m² na Praza de Compostela nº 5 para tramitación de fachada, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800001954 de data 17/01/2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 4/3/2008 con número de documento 80027836, unha vez rematadas as obras, remítese ó inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 2 de abril de 2008, indícase que a vía pública non sufriu danos a efectos de devolución da fianza.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de MAGOPE, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(621).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CALVARIO, FASE I - RÚAS SAGUNTO, CATALUÑA E LEÓN (ENTRE URZÁIZ E J. DE LA FUENTE). EXPTE. 54651/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 10.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 15.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos para a execución das obras de humanización do Calvario. Fase 1 (rúas Sagunto e rúas Cataluña e León entre Urzáiz e J de la Fuente redactados por GALAICONTROL, Ingeniería de Calidades .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras dos lotes 1 e 2 polos importes que se indican e con cargo ás partidas presupostarias seguintes:

Lote 1 .- Humanización da Rúa Sagunto : 454.504,16 € . Partida 5110.6110.005

Lote 2 .- Humanización das Rúas Cataluña e León (entre Urzáiz e J. de la Fuente) : 486.047,02 € : Partida 510.611.0005

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

50(622).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS. EXPTE. 54852/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 14.04.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de humanización do entorno do Mercado de Teis, redactado por TICCO, Ingeniería, S.l.

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total máximo de 333. 200,00 €, IVE incluído e con cargo a partida presupostaria 5110.6110.0012

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

51(623).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DAS NAVES DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 713/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 12.03.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de Sustitución da cuberta das naves do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo redactado por ESINPRO, S.L. Ingeniería .

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo de 188.939,54 € IVE incluído con cargo a partida presupostaria 5110.632.0000

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

52(624).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE POVISA, FASE 1 (RÚAS: ZARAGOZA, ENTRE A. CUNQUEIRO E TARRAGONA; R/BARCELONA ENTRE REGUEIRO E TARRAGONA; R/ZAMORA ENTRE REGUEIRO E TARRAGONA E R/SALAMANCA ENTRE P. COLMEIRO E GRAN VÍA). EXPTE. 54474/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 8.02.08, conformado polo asesor xurídico

da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-los proxectos para a execución das obras de humanización do entorno de Povisa. Fase 1 (rúas: Zaragoza entre A. Cunqueiro e Tarragona; Barcelona entre Regueiro e Tarragona; Zamora entre Regueiro e Tarragona e Salamanca entre P. Colmeiro e Gran Vía) redactados por PETTRA (Plans estratégicos Territoriais de transporte e Ambientais).

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total máximo de 2.234.285,71 € IVE incluído concargo apartida 5110.611.0004 do presuposto de Vías e Obras

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

53(625).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN XUVENIL DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 2141/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.04.08, conformada polo interventor xeral , a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Xoma Iniciativas Sociais, S.L.U. o concurso para a contratación asistencia técnica de Información Xuvenil da Concellería de Xuventude. (Expte.2141/336) por un importe anual de 158.400 euros e un prazo de execución de dous anos. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 03.03.2008 e a oferta presentada .

54(626).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PUNTO XOVE DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 2142/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.04.08, conformada polo interventor xeral , a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Non admitir a proposta presentada polo Grupo de Estudos sobre a condición da muller Alecrín por non acreditar a solvencia técnica xa que non presentou certificados de boa execución de contratos similares os do obxecto do contrato (servizos de información e asesoramentos) efectuados nos tres últimos anos que no seu conxunto o importe fora igual ou superior ó prezo anual do contrato.

2º.- Adxudicar a Dna. Concepción Cuña Pérez o concurso para a contratación asistencia técnica para a xestión do Punto Xove da Concellería de Xuventude. (Expte. 2142/336) por un importe anual de 70.900 euros e un prazo de execución de dous anos. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 03-03-2008 e a oferta presentada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

55(627).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 2157/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 27.04.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do concurso a proposta presentada por Brétema Tempo Libre, S.L.: por non acreditar a solvencia técnica na forma esixida no apartado 14 da folla de especificacións do contrato, concretamente non presentou certificados de boa execución de contratos similares ó obxecto do contrato (ludotecas, programas educativos ou animación sociocultural) celebrados nos anos 2005, 2006 e 2007 que no seu conxunto superen os 180.000 euros.

2º.- Adxudicar a Fundación de Estudos e Analisis (FESAN). o concurso para a contratación asistencia técnica das ludotecas da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia. (Expte. 2157/336) por un importe total de 321.480 euros (160.740 euros/ano) e un prazo de execución de dous anos. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 03-03-2008 e a oferta presentada .

56(628).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.